



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

##### Persoal

*Anuncio das bases específicas que rexerán o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, de tres (3) prazas de persoal funcionario de carreira, categoría de bombeiro/a condutor/a, da escala de administración especial, subgrupo C2*

##### ANUNCIO

**BASES ESPECIFICAS QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE DE TRES (3) PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, BOMBEIRO/A CONDUTOR/A, DA ESCALA DE ADMINISTRACION ESPECIAL (SUBGRUPO C2)**

##### PRIMEIRA. OBXECTO E PREVISIÓNS XERAIS

1.- Estas bases específicas teñen por obxecto regular a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura en propiedade de tres (3) prazas de bombeiro/a condutor/a da escala de administración especial, subescala servizos especiais, en quenda libre e mediante o sistema de oposición, que figuran como vacantes nos cadros de persoal funcionario do Concello de Santiago de Compostela e foron incluídas na correspondente oferta de emprego público do ano 2023 (BOP núm. 238, do 15/12/2023).

2.- Desta convocatoria, tal e como se prevé nas bases xerais, derívase tamén a creación dunha bolsa de emprego que habilitará unha listaxe de persoas aspirantes, segundo a orde que resulte da puntuación acadada no proceso selectivo, para futuras incorporacións de persoal temporal e nos supostos e baixo as modalidades contractuais que legalmente procedan.

3.- Para o desenvolvemento deste proceso selectivo teranse en conta as previsións contidas nestas bases específicas e as recollidas nas Bases Xerais polas que se rexen os procesos selectivos que convoque o Concello de Santiago de Compostela, publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña* núm. 187, do 30 de setembro de 2022.

##### SEGUNDA. CARACTERÍSTICAS DAS VACANTES QUE SE CONVOCAN

Clase de persoal: funcionario/a de carreira.

Denominación: bombeiro/a condutor/a

Clasificación: grupo C, subgrupo C2, escala de administración especial, subescala servizos especiais.

Funcións: as correspondentes ao posto e ao servizo ao que se adscriba, segundo a relación de postos de traballo (RPT) municipal ou o instrumento organizativo equivalente e vixente en cada momento, e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e legal inherente. Resumidamente as súas funcións son:

- Intervir nos sinistros, accidentes ou servizos, dentro de termo municipal, realizando as operacións materiais necesarias para solucionarlos.
- Participar con aproveitamento nas actividades de actualización e/ou prácticas da especialidade que lle sexan impartidas.
- Realizar todas as tarefas auxiliares e/ou complementarias do S.E.I.S. que lle sexan encomendadas (control de repostos, combustible, teléfono, toma de datos, mantemento e conservación do Parque, materiais, vehículos, escalas, tanques, bombas, lámpadas, mangueras, etc., exercitación física, etc.)
- Realizar as operacións auxiliares e/ou complementarias de outros oficios que se necesiten habitualmente para exercer a súa intervención, así como as que especificamente e de forma persoal ten recoñecidas.
- Realizar operacións de similar nivel e complexidade pertencentes a outras especialidades, tras un período de aprendizaxe e/ou adaptación adecuado.
- Realizar ademais aquelas tarefas análogas que lle sexan asignadas polo seu superior, relacionadas coas misións propias do posto.
- Desprazarse en vehículos que poden conducirse co carné C+E.

Así mesmo, o bombeiro-condutor estará obrigado a manter de forma continuada as súas condicións de aptitude física e profesional, mediante a asistencia a cursos de formación física, teórica e práctica, así como asistir aos cursos de perfeccionamento profesional considerados necesarios pola xefatura do servizo.

Retribucións: as básicas propias do seu grupo e subgrupo de clasificación profesional, así como as complementarias que estean fixadas para o posto ao que se adscriba segundo a RPT vixente, sen prexuízo daquelas de índole persoal ou variable a que, se é o caso, poida ter dereito.

Xornada de traballo: completa.

### TERCEIRA. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

1. Para seren admitidas na realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir, ademais dos esixidos nas bases xerais, os seguintes requisitos:

- Posuír ou estar en condicións de obter o título de Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, ou o título que habilite para o exercicio desta profesión, regulada segundo establecen as directivas comunitarias.

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

- Posuír o permiso de conducir C+E

2. As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e mantelos ata a data do seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

### CUARTA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.- As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo presentaranse preferentemente por vía electrónica no modelo normalizado que está a disposición das persoas interesadas na sede electrónica do Concello (<https://sede.santiagodecompostela.gal//selecciondepersoal>) e dirixidas á Concellería de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local. Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.- Para seren admitidas nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

3.- Coa solicitude deberán achegar a seguinte documentación::

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento acreditativo da nacionalidade e identidade da persoa aspirante.
- Acreditación do pago da taxa polos dereitos de exame.
- Titulación académica esixida.
- Permiso de conducir C+E
- CELGA 3 ou título equivalente ou superior, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.
- Certificado médico en modelo oficial nos termos establecidos no Anexo I das presentes bases
- Autorización de realización das probas médicas, segundo modelo do Anexo II

4.- As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude se o texto dos exercicios deberá entregárselles en galego ou castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude, as/os aspirantes non poderán modificala. No caso de non indicar ningunha das opcións, entenderase a de galego.

5.- A documentación presentaranse por medio de copia simple sen necesidade de cotexo, sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (ou daqueloutras previsións normativas análogas, concordantes ou substitutivas), se poida requirir posteriormente a documentación ou información orixinal e o seu cotexo.

6.- As persoas aspirantes deberán aboar unha taxa de 71,00 € por dereitos de exame de acordo coa vixente Ordenanza fiscal 3.07 regulada da taxa por expedición de documentos administrativos.

O ingreso do importe da taxa efectuarase por medio de autoliquidación a través da Oficina Virtual do Contribuínte-OVC (<https://sede.santigodecompostela.gal>) e posterior pago nas diferentes entidades bancarias que se indican no documento de autoliquidación ou nas súas pasarelas de pago respectivas.

7.- O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial do Estado*.

A presentación fóra de prazo suporá a non admisión do/a aspirante ao proceso selectivo.

#### **QUINTA. PROBA DE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO**

As persoas que non acrediten estar en posesión do título Celga 3, equivalente ou superior deberán realizar unha proba eliminatoria de coñecemento de lingua galega, que se efectuará antes de iniciarse a fase de oposición., e que consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de media hora. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes da realización da proba. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto e corresponderá ao tribunal valorar o coñecemento esixido para superar esta proba. A proba escrita corríxase respectando o anonimato das persoas candidatas

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do CELGA 3, equivalente ou superior, e que non superen esta proba quedarán excluídas do proceso.

#### **SEXTA. CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO**

1.- A selección das persoas aspirantes realizarase a través do sistema de oposición, seguido dun recoñecemento médico e dun curso selectivo e período de prácticas.

Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación no BOP da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As normas de dereito positivo relacionadas no temario da convocatoria que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación no BOP das listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As persoas aspirantes deberán acudir a todas as probas previstas do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade.

2.- Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, etc.) están prohibidos dentro da sala onde teñan lugar as probas. O son dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión do opositor ou da opositora do lugar do exame e non se procederá á corrección do seu exercicio.

Excepcionalmente, o tribunal permitirá o uso de determinados aparellos electrónicos se estes fosen necesarios e imprescindibles para a realización dalgúns dos exercicios, o cal deberá de facerse constar de forma expresa na convocatoria do día e hora de celebración do exercicio.

#### **SÉTIMA.- FASE DE OPOSICIÓN.**

A fase de oposición consistirá na realización de tres (3) exercicios de carácter obrigatorio que se indican a continuación e que serán eliminatorios

**Primeiro exercicio (P1):** Consistirá na realización dun cuestionario dirixido a determinar os coñecementos da parte xeral e da parte específica do temario recollido no Anexo III.

O cuestionario constará de 70 preguntas tipo test (18 preguntas da parte xeral e 52 preguntas da parte específica, das cales 10 preguntas estarán relacionadas co tema 1 "Coñecemento do Municipio" e 42 preguntas relacionadas cos temas restantes da parte específica), con catro respostas alternativas e unha soa delas correcta, a resolver nun tempo máximo de 80 minutos.

O exercicio que se propoña terá 10 preguntas tipo test de reserva (as dúas primeiras preguntas da reserva serán relacionadas co Coñecemento do Municipio) que substituirán na súa orde a aquelas preguntas que, no seu caso, o Tribunal acorde anular.

O sistema de puntuación do cuestionario seguirá os seguintes criterios: cada pregunta acertada puntuará 0,1 puntos e cada pregunta contestada erroneamente restará 0,05.

O exercicio cualificarase de 0 a 7 puntos (P1), debéndose obter como mínimo 3,5 puntos para poder continuar no proceso selectivo.

O prazo máximo de alegacións será de 5 días hábiles a contar dende o seguinte a publicación das cualificacións na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello. Este prazo será o de aplicación en cada una das probas das que se compón este proceso selectivo.

As persoas aspirantes terán dereito a obter unha copia da súa folla de respostas. Do mesmo xeito poderán retirar o cuestionario sempre que o exercicio se houbese feito en único chamamento. De terse feito varios chamamentos, os diferentes cuestionarios serán publicados polo tribunal na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela con posterioridade á finalización do exercicio.

**Segundo exercicio (P2):** Consistirá na realización de seis (6) probas de aptitude física e física-práctica que se detallan no anexo IV.

Para a súa realización, as persoas aspirantes deberán presentarse provistas do equipamento deportivo correspondente.

Este exercicio será dirixido polo menos por un técnico especialista, designado polo Tribunal en calidade de asesor, e realizarase en presenza deste. En función do número de opositores e do tipo de proba de que se trate, disporase da asistencia necesaria de asesores en número suficiente para garantir un obxectivo control e medición destas, reducindo ao máximo o factor humano.

A proba número: 5 será cualificada como apto/non apto, e o resto das probas físicas e físicas – prácticas, serán cualificadas de cinco a dez puntos, sendo eliminados aqueles aspirantes que non alcancen na proba número 5 a cualificación de apto e a cualificación mínima de cinco puntos no resto das probas físicas e físicas – prácticas.

As aspirantes mulleres que superen o corte das probas puntuables verán incrementada a súa puntuación en ditas probas nun 20% sen superar o máximo de 10 puntos.

A cualificación do segundo exercicio (P2) será a media aritmética redondeada ata a terceira cifra decimal das obtidas en cada unha das probas puntuables, sendo cualificado de cinco a dez puntos.

En calquera momento do desenvolvemento das probas físicas, o tribunal poderá convocar a aqueles aspirantes que considere para a realización dun control de dopaxe mediante a recollida dunha mostra de ouriños non inferior a 100 mililitros. Esta convocatoria realizarase por escrito, mediante o formulario de control de dopaxe oficial establecido nas normas da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte. A resistencia ou negativa expresa por parte do aspirante a realizar dita proba, ou a súa non presentación á realización da mesma no lugar e tempo en que sexa convocado de xeito non xustificadamente, suporá a exclusión inmediata do mesmo do proceso selectivo. Así mesmo, será motivo de exclusión a obstrución, non atención, dilación indebida, ocultación e demais condutas que, por acción ou omisión, eviten, impidan, perturben ou non permitan realizar controis de dopaxe na forma prevista na Lei, ou sempre que calquera aspirante evite voluntariamente, por acción ou omisión, a recollida de mostras a que estivese obrigado a someterse.

A lista de substancias e métodos prohibidos que se empregará de referencia para determinar se un resultado analítico é desfavorable, será a publicada pola Axencia Mundial Antidopaxe (WADA) para o ano 2025. Pódese consultar no seguinte enlace: <https://wada-main-prod.s3.amazonaws.com/resources/files/wada-2025-prohibited-listesp.pdf>

A detección da presenza de calquera cantidade dunha substancia prohibida, ou dos seus metabolitos ou marcadores, na mostra de ouriños dun aspirante, suporá a súa exclusión do proceso selectivo, sen prexuízo do dereito de solicitude de realización de contra-análise que asiste ao aspirante, así como do seu recurso ao Tribunal Cualificador coas alegacións que estime oportunas.

As persoas aspirantes que reciban tratamento habitual con algunha medicación susceptible de dar lugar a un resultado desfavorable, deberán solicitar ao Tribunal Cualificador, con antelación suficiente á realización das probas físicas (non inferior aos 14 días), unha autorización de uso terapéutico. O Tribunal aplicará os criterios de avaliación empregados pola Convención Internacional contra a dopaxe no deporte e nas normas para a concesión de autorizacións de uso terapéutico adoptadas pola Axencia Mundial Antidopaxe.

**Terceiro exercicio (P3):** Constará de dúas probas: unha proba de aptitude psicotécnica e unha entrevista persoal. Para a formulación e valoración deste exercicio, o Tribunal estará asistido por un equipo psicolóxico, formado por licenciados en psicología ou titulación equivalente, e con experiencia na realización deste tipo de probas para o acceso á función pública. Á vista de dito informe o Tribunal Cualificador resolverá.

a) Proba de aptitude psicotécnica: consistirá en contestar por escrito no tempo que determine o Tribunal un test de personalidade dirixido á valoración da capacidade de razoamento e planificación do/a aspirante, así como dos aspectos da personalidade e actitudes máis adecuadas ás funcións que vaia desenvolver.

Levarase a cabo mediante test normalizado e a valoración dos aspirantes realizarase por comparación cos baremos e perfís do devandito test.

O contido concreto dos baremos e perfís para a comparación será o que figura no anexo V destas bases.

b) Entrevista persoal: o obxecto desta entrevista é levar a cabo unha avaliación psicolóxica a partir do resultado da proba de aptitude psicotécnica anterior, tendo unha función meramente de contraste, que serve para corroborar ou ampliar a información obtida na proba anterior, non para introducir novos elementos de contraste (non se trata dunha proba autónoma senón que enlaza coa anterior).

Será gravada en formato audio e vídeo, excepto negativa expresa de la persoa opositora, que deberá firmar un documento que acredite a negativa a tal gravación. A entrevista farase atendendo a un guiión predefinido e decidido entre o persoal asesor designado e o tribunal antes da súa realización.

A cualificación deste exercicio será de «apto» ou «non apto», debendo conseguir a de apto para poder continuar no proceso.

#### **OITAVA.- CUALIFICACIÓN FINAL DA FASE DE OPOSICIÓN.**

A puntuación final da fase de oposición (PO) será o resultado da suma ponderada das puntuacións dos exercicios 1 e 2, en base dez e redondeada ata a terceira cifra decimal.

O peso específico de cada exercicio na nota final será:

Primeiro exercicio (P1): 60%

Segundo exercicio (P2): 40%

Polo tanto a fórmula a aplicar será a seguinte:

P1

$PO = (P1 \times 0,6) + (P2 \times 0,4)$

0,7

As cualificacións de cada exercicio, así como a puntuación final da fase de oposición que determinará a orde de prelación no acceso á praza, serán expostas no Taboleiro de Anuncios do Concello. En caso de empate, dirimirase atendendo ao establecido nas bases xerais BOP núm.187, do 30 de setembro de 2022).

#### **NOVENA.- RECOÑECIMENTO MÉDICO**

Rematados os exercicios da fase de oposición, o Tribunal convocará, por orde de prelación, ás persoas aspirantes que a superasen, en número igual que o de prazas convocadas, máis cinco adicionais, para a realización do recoñecemento médico.

Este recoñecemento médico terá por obxecto acreditar que as persoas aspirantes posúen as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o exercicio das funcións e tarefas das prazas convocadas, e rexerese polo cadro de aptitude médica que figura no Anexo VI desta convocatoria.

O dito recoñecemento terá carácter obrigatorio e eliminatorio. No caso de que algunha persoa aspirante resultase eliminado, o tribunal convocará á seguinte por orde de prelación, para a realización do referido recoñecemento médico, ata completar as prazas ofertadas.

#### **DÉCIMA.- CURSO SELECTIVO DE FORMACIÓN E PERÍODO DE PRÁCTICAS.-**

As persoas aspirantes propostas polo Tribunal, en número igual ao de prazas convocadas, unha vez presentada a documentación requirida e comprobado o cumprimento dos requisitos, serán nomeadas funcionarias en prácticas na praza convocada, por decreto da Alcaldía ou da persoa titular da Concellaría delegada en materia Persoal, cos dereitos económicos correspondentes á mesma. O nomeamento en prácticas producirase no momento no que dea comezo o curso obrigatorio de formación teórico-práctico nas instalacións do servizo ou en calquera outra instalación nas condicións que regulamentariamente se determinen.

##### **10.1. Curso selectivo de formación:**

O curso selectivo de «Formación de Acollida de Bombeiros de Nova Incorporación» será dirixido pola persoa titular da Xefatura do Servizo do S.E.I.S., sendo esta a responsable do seguimento e a interlocutora cos monitores do curso. En sesión especialmente convocada ao efecto, a Xefatura do servizo de extinción de incendios dará traslado ao Tribunal Cualificador, da organización do Curso de Formación (calendario, probas de avaliación, puntuación das mesmas..), así como das Normas que rexerán a «Formación de Acollida de Bombeiros de Nova Incorporación».

O curso selectivo terá unha duración mínima de 203 horas lectivas e se estruturará nos seguintes bloques de contido:

MÓDULOS DE CONTIDOS DO CURSO	DURACIÓN (mínimos de horas)
1.SALVAMENTO, SOPORTE VITAL BÁSICO E PRIMEIROS AUXILIOS.	7 horas
2.SALVAMENTO, RESCATE E TRABALLOS EN ALTURA.	35 horas
3.SALVAMENTO EN ESPAZOS CONFINADOS.	14 horas
4.SALVAMENTO E RESCATE EN MEDIOS DE TRANSPORTE. EXCARCERACIÓN.	14 horas
5.SALVAMENTO E RESCATE EN MEDIO ACUÁTICO.	21 horas
6.CONTROL E EXTINCIÓN DE INCENDIOS.	35 horas
7.LUMES E INTERVENCIÓNS CON PRESENZA DE RISCO ELÉCTRICO.	7 horas
8.INTERVENCIÓNS EN EMERXENCIAS CON SUBSTANCIAS PERIGOSAS.	21 horas
9.CONDUCCIÓN E USO DE VEHÍCULOS DOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN E SALVAMENTO.	21 horas
10.INTERVENCIÓN EN FENÓMENOS NATURAIS, METEOROLÓXICOS E ANTRÓPICOS.	7 horas
11.AS OPERACIÓNS PARA AS AXUDAS TÉCNICAS.	14 horas
12. OUTRAS INTERVENCIÓNS E TAREFAS	7 horas
DURACIÓN TOTAL (HORAS) DO CURSO	203 HORAS

#### MÓDULO 1.- SALVAMENTO, SOPORTE VITAL BÁSICO E PRIMEIROS AUXILIOS. (mínimo 7 horas)

Soprote vital básico. Técnicas de RCP. O uso do desfibrilador (DESA). Atención sanitaria e primeiros auxilios para intervinentes. Sinistros e rescates con perigo por presenza ou proximidade de electricidade.

#### MÓDULO 2.- SALVAMENTO, RESCATE E TRABALLOS EN ALTURA. (mínimo 35 horas)

Os traballos en altura conforme ás normativas R.D. 1215/1997 e R.D. 2177/2004. Os equipos e medios de acceso e traballo en altura. Os EPI e as proteccións colectivas contra caídas. O manexo das escaleiras portátiles. As manobras e os sistemas para as operacións de rescate e de acceso e traballo en altura. As técnicas para a progresión mediante cordas e sobre estruturas. Os sistemas de suxeición. Os sistemas anticaídas. Os equipos de protección individual. As normas sobre o coidado, mantemento e verificación do equipo de traballo e de seguridade. As técnicas de salvamento de persoas accidentadas en suspensión. As técnicas do rescate e para o autorrescate. As medidas de seguridade ante condicións meteorolóxicas que poidan afectar á seguridade. As técnicas seguras de manipulación de cargas en altura. As poleas, trípodes, tornos, padiolas e outros. Os equipos de elevación. Os equipos de tracción e de arrastre. As tirolinas. As autoescalas.

#### MÓDULO 3.- SALVAMENTO EN ESPAZOS CONFINADOS. (mínimo 14 horas)

Conceptos das zonas de risco grave e dos espazos confinados. Definicións regulamentarias, criterios, riscos, medidas e técnicas de seguridade. Rescate nun espazo confinado. Os procedementos para a entrada e as operacións de traballo e salvamento dentro de espazos confinados de conformidade coa normativa. O emprego de equipos detectores de gases e explosímetros. A supervisión e o control de ambientes de traballo nos que poidan formarse atmosferas explosivas, tóxicas ou con perigo de asfixia. Simulación dun acceso e rescate nun espazo confinado.

#### MÓDULO 4.- SALVAMENTO, RESCATE EN MEDIOS DE TRANSPORTE. EXCARCERACIÓN. (mínimo 14 horas)

Técnicas, manobras e procedementos para salvamento de persoas e rescates en vehículos por accidentes de tráfico e das vítimas noutros medios de transporte. A excarceración e extricación vehicular. Uso dos medios para excarceración. Ferramentas eléctricas e hidráulicas. Radial. Motodisco. Serra de sable. Simulación dunha excarceración.

#### MÓDULO 5.- SALVAMENTO E RESCATE EN MEDIO ACUÁTICO. (mínimo 21 horas)

Tipos de lámina de auga. Escenarios de intervención. As inundacións. Técnicas de rastrexo, reflote e rescate. Operacións en augas en calma, en augas con corrente e en espazos de saltos de auga, barrancos e desniveis. Uso dos medios de protección persoal e colectiva. Os equipos de flotación individual.

#### MÓDULO 6.- CONTROL E EXTINCIÓN DE INCENDIOS. (mínimo 35 horas)

Os Equipos de Protección Individual (EPI) e os equipos respiratorios (EPR, ERA, etc). Control do tempo de uso dos equipos de protección e respiratorios. A hidráulica no control e extinción de lumes. O manexo de hidrantes, motobombas,

mangueiras e lanzas. Tendidos. Comprobación, uso e mantemento. Unións e racorados. A extinción dos incendios urbanos e nos lumes industriais. A zonificación. A extinción en lumes estruturais. O control da ventilación. Os lumes en interiores. A extinción dos lumes en vehículos. Lumes en vehículos eléctricos, híbridos e novas tecnoloxías. A extinción e control de lumes de vexetacións e de lumes forestais. As ferramentas, e os medios de protección. A localización, o traslado e as comunicacións. Tipos e comportamentos de lumes forestais. As comunicacións de emerxencia. Os procedementos e protocolos de recepción, transmisión e rexistro de alarmas e avisos.

#### MÓDULO 7.- LUMES E INTERVENCIÓNS CON PRESENZA DE RISCO ELÉCTRICO. (mínimo 7 horas)

As intervencións e os lumes con presenza da electricidade. As operacións e os procedementos segundo o R.D. 614/2001, de 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico. Requisitos e medidas de seguridade para traballos en tensión, sen tensión, a supresión, a reposición, os traballos en proximidade e outros tipos de manobras. Os traballos en emprazamentos con riscos de incendio ou de explosión. As centrais e subestacións eléctricas. Os tendidos e infraestruturas de distribución eléctrica. Os cadros eléctricos, os transformadores. Instalacións estacionarias de baterías. Instalacións fotovoltaicas. Instalacións de recarga eléctrica. Medios de detección de electricidade. Distancias de seguridade. Materiais e equipos de illamento e de protección fronte ao perigo de descarga eléctrica.

#### MÓDULO 8.- INTERVENCIÓNS EN EMERXENCIAS CON SUBSTANCIAS PERIGOSAS. (mínimo 21 horas)

Identificación e tipos de substancias perigosas, características, riscos potenciais e medidas de autoprotección fronte a incidentes con substancias perigosas. Accidentes no transporte de mercadorías perigosas. Os incendios con substancias perigosas involucradas. As intervencións e traballos con presenza de atmosferas explosivas, fugas de gases inflamables ou tóxicos, ou con explosións. Os procedementos de traballo para atmosferas explosivas de conformidade co R.D. 681/2003. Os derrames de líquidos perigosos. Funcionamento, uso e mantemento básico dos equipos e ferramentas para estas intervencións. Os niveis de protección química. Suposto práctico de incidente con substancia perigosa. Uso de traxes de encapsulamento. Operacións de control e mitigación de emerxencias do tipo NBQR. Uso de instalacións de descontaminación química, biolóxica ou radiolóxica. Emprego de equipos e materiais para a contención de fugas ou derrames. Riscos do amoníaco. Tecnoloxías do hidróxeno e emerxencias relacionadas.

#### MÓDULO 9.- CONDUCCIÓN E USO DE VEHÍCULOS DOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN E SALVAMENTO. (mínimo 21 horas)

Os vehículos dos servizos de emerxencia. Tipos. Uso e condución segura. Normativa aplicable aos vehículos e en materia de prevención de riscos laborais para os equipos automotores. Definición dos traballos e operacións cos vehículos. Usos, descripcións e posibles aplicacións. Os vehículos motobomba. Os vehículos de intervención en altura: o autobrazo, a autoescala, ... Perigos identificables: atropelos, envorco, atrapamentos, electrocución, etc. Medidas preventivas específicas: nos accesos, normas na circulación, o posicionamento seguro, as regras da estabilidade, os dispositivos de protección, as distancias de seguridade e a sinalización. As proteccións colectivas e individuais. Os medios auxiliares, os equipos e as ferramentas. Normas de mantemento. Verificacións básicas. Manuais do fabricante. Operacións con sistemas de elevación e cestas de salvamento. Verificación, identificación e vixilancia do lugar de traballo e da súa contorna. Interferencia entre actividades. Preparación e toma de contacto cos vehículos e os seus equipos. Prácticas de manexo. Exercicios de estabilización en distintas superficies. Traballos con perigos especiais (zanxas, proximidade a tendidos eléctricos, ...). Movementos do equipo con carga e en baleiro. Simulación de situacións de risco. Primeiros auxilios e medidas de emerxencia.

#### MÓDULO 10.- INTERVENCIÓN EN FENÓMENOS NATURAIS, METEOROLÓXICOS E ANTRÓPICOS (mínimo 7 horas)

Actuacións en sucesos por riscos antrópicos ou por fenómenos naturais e meteorolóxicos adversos e extremos: vendavais, inundacións, riadas, terremotos, tormentas torrenciais, correntamentos do terreo, sepultamentos e outros. Apoio á poboación, bens e medio ambiente en situacións de risco. Uso de bombas para achiques.

Saneamentos de fachadas, edificacións e outros. Intervencións en estruturas colapsadas total ou parcialmente ou con perigo de derrubamento.

Emprego de equipos de corte. Técnicas para planificación dos traballos.

O emprego seguro de motoserras.

A tala, a poda e o corte de ramas e troncos e a súa retirada.

#### MÓDULO 11.- AS OPERACIÓNS PARA AS AXUDAS TÉCNICAS (mínimo 14 horas)

Comprobación e recarga de botellas de aire respirable. Ferramentas manuais. Maquinaria-ferramenta: radiais e outros. Equipos de corte en frío e quente. Ferramentas pneumáticas. Coxíns de alta e baixa presión. Apondoamento de emerxencia. Ferramentas. Cortes de subministros. Aperturas de portas e accesos.

**MÓDULO 12. OUTRAS INTERVENCIÓNS E TAREFAS (7 horas)**

Rescates en ascensores, elevadores ou maquinaria.

Actuación con persoas con enfermidade mental. Suicidas.

Rescate de animais.

Intervencións con avespas ou abellas. Control e retirada de niños de velutinas.

Este curso será cualificado de cero a dez puntos, sendo necesario obter un mínimo de cinco puntos para superalo.

Esta cualificación establecerase en base ás puntuacións obtidas nos distintos exercicios e probas operativas, funcionais e de personalidade realizadas polo profesorado encargado de cada unha das materias. Estes elevarán estas cualificacións, a través da Xefatura do Servizo e ao tribunal Cualificador, acompañadas dos exames e documentación correspondente á materia impartida.

As persoas aspirantes que incorran en calquera das faltas que se establezan nas Normas da «Formación de Acolida de Bombeiros de Nova Incorporación» poderán ser sancionadas coa baixa no proceso selectivo ou a perda dos puntos que correspondan na cualificación final do curso, atendendo á gravidade da falta cometida.

Se algún aspirante causara baixa no curso sen que tivese transcorrido mais do 10% da duración total de horas lectivas, o Tribunal Cualificador poderá propor ao seguinte aspirante por orde de prelación, debendo superar o preceptivo recoñecemento médico e presentar a documentación esixida.

Igualmente, será causa de baixa inmediata na continuación do curso, e polo tanto no proceso selectivo, o ter un número de faltas de asistencia, independentemente da súa xustificación, que superen un 10% do período lectivo.

Durante o período de permanencia no curso de formación, os aspirantes percibirán, con cargo ó presuposto da corporación, as retribucións que a normativa vixente establece para os funcionarios en prácticas.

**10.2. Período en prácticas:**

Trala realización do curso selectivo de formación e tendo superado o mesmo, realizarase un período de prácticas cunha duración mínima de un mes e máxima de dous.

Durante ditas prácticas levarase a cabo un período de adaptación, tutela e integración operativa. Para iso, a Xefatura do Servizo será a encargada de organizar un plan de incorporación progresiva ao servizo, incluíndo o sistema de rotación, réxime horario, plan de actividades, que coordinará cos mandos intermedios.

**DECIMA PRIMEIRA.- CUALIFICACION FINAL**

11.1.- Coa puntuación individualizada resultante do curso selectivo de formación das persoas aspirantes declarados «aptas» no período de prácticas, procederase a determinar a cualificación final das persoas aspirantes no proceso selectivo.

Esta cualificación final obterase mediante suma ponderada das cualificacións finais obtidas na fase de oposición e no curso selectivo, correspondendo un 60% á fase de oposición e un 40% ao curso selectivo. En resumo, a cualificación final viría determinada por:

Fase oposición			Curso Selectivo e Prácticas	
60%			40%	
Primeiro Exercicio)	Segundo Exercicio)	Terceiro Exercicio	Curso Selectivo	Período en Prácticas
0-7 puntos	0-10 puntos	apto/non apto	0-10 puntos	apto/non apto

A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo realizarase de acordo con esta cualificación final, non podendo superar o proceso selectivo un número de persoas aspirantes superior ao de prazas convocadas.

No caso de que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de persoas aspirantes seleccionadas, o órgano convocante poderá requirir do tribunal de selección unha relación complementaria de aspirantes que sigan ás persoas propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira.

11.2.- Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos ás persoas aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame se deduza que carecen dos requisitos indicados nesta convocatoria.

O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas que non resulten cubertas á finalización do proceso selectivo por non ser superado polo número suficiente de persoas aspirantes.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo o desempate efectuarase segundo se sinala nas bases xerais (BOP núm. 187, do 30 de setembro de 2022).

11.3.- As persoas aspirantes que superasen todos os exercicios da fase de oposición, sen chegaren a obter praza serán incluídas na listaxe de agarda da bolsa de traballo, confeccionada de conformidade co que recolle o vixente Acordo regulador-Convenio colectivo, en concreto as normas de selección de persoal funcionario e laboral temporal. A orde da lista ten en conta nun 60% a puntuación do proceso selectivo e un 40% a da fase de concurso de méritos. Non obstante, para poder ser nomeadas persoas funcionarias interinas deberán superar un recoñecemento médico.

#### **DÉCIMA SEGUNDA. ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS ESIXIDOS**

As persoas candidatas que sexan propostas polo tribunal para ocuparen as prazas convocadas deberán achegar, no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta do tribunal, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para cubrir as prazas convocadas, que serán os indicados nestas bases específicas e nas bases xerais.

A falta de presentación en prazo da documentación esixida será equivalente a unha renuncia.

#### **DÉCIMA TERCEIRA. PROTECCIÓN DE DATOS**

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais informase ás persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal que faciliten serán incorporados a un ficheiro coa finalidade da selección de persoal e recoñéceselles a posibilidade de exercitaren gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Santiago de Compostela.

As persoas interesadas autorizan o Concello de Santiago de Compostela para tratar os seus datos nos termos anteriormente descritos así como para publicalos nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello. A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para tratar a información nos termos indicados.

#### **DÉCIMA CUARTA. IMPUGNACIÓN**

A convocatoria e as súas bases específicas, así como cantos actos administrativos delas se deriven, poderán ser impugnadas polas persoas nos casos e na forma previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

**ANEXO I - CONTIDOS CERTIFICADO MÉDICO**

O certificado médico necesario para poder participar no SEGUNDO EXERCICIO da fase de oposición deberá axustarse ao seguinte modelo:

«O interesado (Nome, Apelidos, DNI) reúne as condicións precisas para realizar as probas físicas indicadas no segundo exercicio da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso no Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Santiago, Escala Operativa, Categoría de Bombeiro-Conductor »

O devandito certificado soamente será válido se:

- Foi expedido por un facultativo colexiado en exercicio activo, indicando o seu nome, apelidos, DNI e número de colexiado.
- Contén a data de expedición con lugar e día/mes/ano.
- Contén a sinatura do facultativo.

**ANEXO II - MODELO AUTORIZACIÓN REALIZACIÓN DE PRBAS MÉDICAS**

APELIDOS E NOME: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_ IDADE: \_\_\_\_\_

Autorizo a que me efectúen as exploracións médicas necesarias, ademais da extracción de sangue e analítica de ouriños cos parámetros seguidamente relacionados, a fin de dar cumprimento ao establecido na base novena. das bases específicas que rexen o proceso selectivo da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura pola quenda libre de tres (3) praza de bombeiro condutor do S.E.I.S, correspondentes á Oferta de emprego do Concello do ano 2023.

**ANÁLISE DE SANGUE:**

Hemograma completo, Fórmula leucocitaria, Glicosa, Colesterol Total, HDL Colesterol, Triglicéridos, Urea, Creatinina, Acedo Úrico, Bilirrubina Total, GOT, (AST), GPT, (ALT), Gamma Glutamyl Transpeptidasa (CXT), Fosfatasa Alcalina, Hierro. En caso de dar elevada a taxa de Transaminasas, efectuarase a determinación do Anti HBc e da Ag HBs.

**ANÁLISE DE OURIÑOS:**

Densidade, pH, Anormais.

Detección de Drogas: Opiáceos, Cannabis, Metabolitos de Cocaína. Sedimento: Análise citolóxica.

Ao mesmo tempo declaro que me estou administrando a seguinte medicación

(INDICAR NOME COMERCIAL OU COMPOSICIÓN): \_\_\_\_\_

De igual forma, DOU O meu CONSENTIMENTO para que sexa enviado o contido completo do recoñecemento médico ao Servizo de Saúde Laboral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela

En caso de detectarse anomalías, autorizo a realizar as investigacións e probas necesarias, para diagnosticar se a patoloxía detectada está contemplada no cadro de exclusións previstas nas bases da convocatoria.

E para que así conste asino presenta a autorización:

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asinado:

**ANEXO III - TEMARIO****BOMBEIRO/A CONDUTOR/A. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL - SUBGRUPO C2****PARTE COMÚN:**

Tema 1. A Constitución Española. Os dereitos e deberes fundamentais. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno.

Tema 2. O réxime local español: principios constitucionais. As entidades locais. O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e servizos municipais do Concello de Santiago de Compostela.

Tema 3. O persoal ao servizo das Administracións Públicas. Clases de persoal.. Dereitos e deberes do persoal empregado público: código de conduta. Xornada de traballo, permisos, licenzas e vacacións. Dereitos económicos e protección social.

Tema 4. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: principios. Estrutura. Fases do procedemento administrativo. A revisión dos actos administrativos: os recursos.

Tema 5. Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. As condicións de emprego en igualdade na Administración pública galega.

**PARTE ESPECÍFICA****Tema 1. COÑECEMENTO DO MUNICIPIO.**

Coñecemento do municipio: termo municipal, poboación, centro urbano, barrios, parroquias, rural, principais eixos viarios e edificios singulares (edificios históricos de interese cultural, hospitais, universidades, edificios de gran altura, etc.). Principais áreas industriais e comerciais. Rede de estradas e rede ferroviaria. Aeroportos. Ríos e encoros. Principais accidentes xeográficos. Principais rutas a seguir desde o Parque de bombeiros até calquera punto do municipio.

O tribunal empregará, preferentemente, a información que figura na páxina <http://xeoportalsantiago.compostela.gal/xeoportalsantiago/> ; sen prexuízo de que poida empregar outra documentación oficial.

**Tema 2. CONCEPTOS BÁSICOS DE FÍSICA.**

Medición de magnitudes físicas: magnitude, cantidade e unidade. Magnitudes escalares e vectoriais. Sistema Internacional de Unidades. Magnitudes físicas fundamentais e derivadas no SI. Conversión de unidades: Outros sistemas de unidades. Notación científica. Múltiplos e submúltiplos. Prefixos e valores. Cinemática: Posición, desprazamento, espazo, velocidades, aceleracións no plano. Leis fundamentais da mecánica., leis de Newton e Principio de conservación da enerxía. Traballo, Potencia e Enerxía. Máquinas simples: panca, poleas fixas, móbiles, combinación de poleas e tornos. Concepto de vantaxe mecánica. Estados de agregación da materia. Cambios de estado. Concepto de temperatura e de calor. Calor específica. Densidade. Escalas de temperatura. Cero absoluto: límite físico. Transmisión da calor: conducción, convección e radiación. Comportamento de sólidos, líquidos e gases ante calor.

**Tema 3. CONCEPTOS BÁSICOS DE QUÍMICA.**

Materia. Estrutura da materia. Átomo. Estrutura do átomo. Numero másico. Numero atómico. Masa atómica. Isótopos. Catións e anións. Elemento Químico. Molécula. Sustancias simples e compostos químicos. Mesturas e disolucións. Peso atómico e molecular. Cantidade de sustancia: o mol. Numero de Avogadro. Reaccións químicas. Produtos e reactivos. Lei de conservación da masa. Lei das proporcións definidas. Lei das proporcións múltiples. Reaccións reversibles e irreversibles. Equilibrio químico. Calor de reacción: reaccións exotérmicas e endotérmicas. Enerxía de activación. Velocidade de reacción. Factores que inflúen na velocidade de reacción. Sustancias ácidas e básicas. Neutralización. Concepto de pH.

**Tema 4. CONCEPTOS BÁSICOS DE MATEMÁTICAS.**

Suma. Diferenza. Produto. Cociente. Potencias. Raíz cadrada. Operacións combinadas. Múltiplos. Divisores. Criterios de divisibilidade. Números primos. Factorización. Máximo común divisor. Mínimo común múltiplo. Proporción: Magnitudes directamente proporcionais. Magnitudes inversamente proporcionais. Regra de tres simple e directa. Regra de tres simple inversa. Porcentaxes. Ecuacións de primeiro grao. Monomios. Ecuacións de segundo grao. Polinomios. Triángulos. Teorema do cateto. Teorema da altura. Teorema de Pitágoras. Semellanza de triángulos. Teorema de Thales. Áreas e volumes dos corpos xeométricos: cubo, prisma, pirámide, tronco de pirámide, tetraedro, cilindro, cono, tronco de cono, esfera, casquete esférico.

**Tema 5. COMUNICACIÓN, TRANSMISIÓN E OFIMÁTICA**

Fundamentos básicos das radiocomunicacións. Nocións sobre frecuencia e lonxitude de onda. O radioteléfono. Características da súa operatividade. Elementos básicos. Normas de uso e disciplina de radio. Coñecementos dos equipos fixos, móbiles e portátiles. Estación base e estación móbil. Repetidores. Sistemas de radiocomunicación. Características básicas

e principio de funcionamento: Rede PMR simplex, semidúplex e dúplex. Sistema trunking dixital (TETRA) de radio e sistema de posicionamento global (GPS). Sistema DMR dixital. Coñecementos ofimáticos de tratamento de textos, de base de datos e de follas de calculo a nivel de usuario.

#### Tema 6. SOCORRISMO E PRIMEIROS AUXILIOS.

Socorrismo: concepto e principios xerais do socorrismo. Fracturas, feridas, traumatismos, hemorraxias, shock, queimaduras e lesións por frío e calor, síndrome de esmagamento ou compresión, intoxicacións, electrocucións. Soporte vital básico. Reanimación cardiopulmonar básica. Protocolo de actuación. Recomendacións ERC (European Resuscitation Council) vixentes. Sistemas de recollida e transporte de accidentados. Técnicas de inmovilización, posicións de seguridade, espera e transporte.

#### Tema 7. TEORÍA DO LUME.

Natureza do lume. O triángulo do lume: combustible, comburente e enerxía de activación. O tetraedro do lume. Elementos para a continuidade do lume: reacción en cadea. Química do Lume. Teoría da Combustión. Tipos de combustións. Clasificación dos lumes segundo norma UNE. Influencia da electricidade. Produtos da combustión: gases, fumes, calor, chama. Análise dos factores de incendio. Combustible: tipos e clasificación de combustibles. Poder Calorífico. Comburente. Relación combustible comburente. Osíxeno mínimo para a combustión. Combustión rica e combustión pobre. Enerxía de activación: tipos de focos e valores de referencia. Parámetros característicos: temperatura de vaporización, temperatura de ebulición, temperatura de inflamación ou punto de escintileo (flash-point), temperatura de encendido ou punto de ignición (fire-point), temperatura de autoencendido ou punto de autoignición (autoignition-point). Rango de inflamabilidade. Límite inferior de inflamabilidade e límite superior de inflamabilidade. Influencia da temperatura. Deflagracións e detonacións. Carga térmica, propagación e evolución térmica dun incendio: curvas normalizadas de incendio. Fenómenos físico-químicos asociados a incendios en interiores: FlashOver. Backdraft, RollOver, BoilOver. Fenómeno BLEVE.

#### Tema 8. HIDRÁULICA PARA BOMBEIROS.

Propiedades dos fluídos incompresibles: concepto, densidade, densidade relativa, peso específico, volume específico, tensión superficial e presión. Análise de propiedades da auga como fluído. Hidrostática. Presión hidrostática. Principio de Arquímedes. Principio de Pascal e prensa hidráulica. Vasos comunicantes. Presión Atmosférica. Unidades de presión. Hidrodinámica. Concepto de caudal. Ecuación de continuidade. Teorema de Bernoulli. Réxime laminar e turbulento. Rozamento e perda de carga. Viscosidade. Bombas centrifugas instaladas en camións de bombeiros. Principio de funcionamento. Curva característica dunha bomba centrifuga. Funcionamento en serie e en paralelo. Problemas na aspiración: cebado dunha bomba. Cavitación. Golpe de ariete.

#### Tema 9. INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS.

Mecanismos de extinción de incendios. Axentes Extintores: tipos, características, propiedades e mecanismos de extinción. Instalacións de protección contra incendios. Sistemas de protección activa: extintores portátiles, bocas de incendio equipadas, columna seca, hidrantes exteriores, sistemas de detección e alarma, sistemas automáticos de extinción e sistemas de control do fume de incendio. Protección pasiva ou estrutural: Compartimentación e sectores de incendio. Regulación normativa: Regulamento de instalacións de protección contra incendios. Dotación xeral de extintores portátiles, bocas de incendio e hidrantes exteriores segundo Código Técnico da Edificación: DB SI-4 Instalacións de protección contra incendios. Dotación de columna seca segundo o uso DB SI-4.

#### Tema 10. ELECTRICIDADE PARA O BOMBEIRO.

A enerxía eléctrica e as súas instalacións, seguridade na intervención de bombeiros con risco eléctrico. Conceptos xerais de: Instalacións eléctricas nunha vivenda, instalacións eléctricas de alta e media tensión, riscos específicos das catenarias ferroviarias.

Ascensores: normas de seguridade nos rescates dos ascensores, tipos de ascensores.

#### Tema 11. PROTECCIÓN RESPIRATORIA.

Perigos respiratorios: tipos e descrición. Atmosfera e toxicidade do incendio. Propiedades dalgúns gases de combustión nocivos: CO, CO<sub>2</sub>, H<sub>2</sub>S, NO<sub>x</sub>, HCN, HCl, fosxeno, amoníaco e acroleína. Detección e análise de gases. Sistemas detectores de gases combustibles. Funcionamento e compoñentes dos equipos autónomos de protección respiratoria de circuíto aberto e de circuíto pechado. Normas básicas de uso e actuación con ERAS. Cálculo do consumo de aire: Autonomía e consumos de referencia. Propiedades dos gases. Concepto de gas ideal. Reposta á presión: lei de Boyle-Mariotte. Resposta á temperatura: lei de Gai-Lussac. Reposta á cantidade de sustancia: Hipótese de Avogadro. Ecuación de estado do gas ideal. Compresibilidade. Concepto de presión parcial. Lei de Dalton.

## Tema 12. MATERIAS PERIGOSAS.

Os Servizos de Bombeiros e o Medio ambiente. Acordo Europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas (ADR). Conceptos básicos de materias perigosas. Concepto. Clasificación. Identificación: etiquetas e panel laranxa. Marcado e etiquetaxe de vultos, etiquetaxe mediante placas-etiqueta e paneis laranxa dos colectores, cisternas e vehículos. Carta de porte. Instrucións escritas. Fichas de intervención. PLANTRANSGAL: Obxecto e ámbito de aplicación. Clasificación da situación de emerxencia: Niveis. Gravidade da emerxencia: Tipo de accidente. Zonificación. Descontaminación.

## Tema 13. EQUIPOS DE FORZA, ELEVACIÓN, TRACCIÓN, CORTE, SEPARACIÓN E EXCARCERACIÓN.

Equipos de forza: xeradores fixos, remolcables, transportables, motores hidráulicos. Equipos de elevación e tracción. Tipos de cordas. Cordas dinámicas e estáticas. Resistencia. Factor de caída. Tráctel. Cabrestante. Poleas. Polipastos. Torno de rescate. Equipos hidráulicos de rescate: bombas, mangueras, cizallas, separadores, multiusos, cilindros, cortapedais. Outra ferramenta: Amoladora, equipo de oxicorte, equipo de plasma, equipo de corte de formigón, serra de sable, motoserras, estabilizadores e cuñas.

## Tema 14. CONSTRUCCIÓN BÁSICA E INSTALACIÓNS XERAIS DUN EDIFICIO.

Construcción básica. Reacción e resistencia ao lume. Nocións simples de prevención en edificación. Elementos estruturais dun edificio: cimentacións, alicerces, vigas, vigas mestras, forxados, armazóns, muros de carga e cuberta. Elementos non estruturais: Elementos de compartimentación e elementos divisorios: Muros de compartimentación, muros de cerramento: muros de pantalla, fachadas, medianeiras, patios de luces. Elementos de comunicación vertical: escaleiras, patios de luces, patinillos, shunts e montacargas. Materiais estruturais: aceiro, formigón e madeira. Instalacións de servizos xerais: auga, electricidade, gas, calefacción, climatización, cuarto de ascensores. Código Técnico da Edificación: DB SI-5.

## Tema 15 . COÑECEMENTOS BÁSICOS DE OFICIOS.

Coñecementos básicos de carpintaría: útiles e ferramentas, despece, montaxe, manipulado e mecanizado da madeira, elementos de fixación e ferraxaría, encofrados e apeos. Coñecementos básicos de electricidade e electrónica: útiles e ferramentas, instalacións, cadros, acometidas e tendidos de liñas, aparellos de control e medida, interpretación de esquemas, máquinas eléctricas. Coñecementos básicos de fontanaría: útiles e ferramentas, instalacións de fontanaría e saneamento, sistemas e elementos de control de fluídos, redes publicas de auga, acometidas. Coñecementos básicos de albanelaría: Útiles e ferramentas, construción de ladrillo e formigón, morteiros, interpretación de planos.

## Tema 16. VEHÍCULOS CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO.

Vehículos contra incendios e de salvamento. Clasificación e características comúns; Autobombas urbanas, autobombas rurais, autobombas forestais, autobombas nodriza, vehículos con material de salvamento, autoescalas, autobrazos. Estrutura: bastidor, cabina, carrozado. Motores de combustión diésel. Descrición e elementos que os constitúen. Funcionamento. Motores de dous tempos. Constitución, funcionamento e comparación cos de catro tempos. Lei de Seguridade viaria aplicada aos vehículos de emerxencias.

## Tema 17. INCENDIOS FORESTAIS.

Conceptos xerais de incendios forestais: concepto, causas, partes do incendio, formas de propagación, modelos de combustible, tipos de lumes forestais. Factores que afectan á propagación do incendio forestal: vexetación, topografía, meteoroloxía. Ferramentas para a extinción de incendios forestais. Plan PEIFOGA: Obxecto e ámbito de aplicación. Situacións de gravidade. Épocas de perigo. Director de Extinción. Principais recursos forestais e accidentes xeográficos no termo municipal de Santiago.

## Tema 18. PREVENCIÓN E NORMATIVA.

Lei de Prevención de Riscos Laborais. A súa aplicación no ámbito dos servizos de extinción de incendios e salvamento. Danos derivados do traballo, concepto de accidente de traballo, enfermidade profesional, prevención da enfermidade. Código técnico da edificación: Obxecto e ámbito de aplicación. Locais e zonas de risco especial. Anexo A do Documento básico sobre seguridade en caso de incendio do CTE. Regulamento de seguridade contra incendios en establecementos industriais: Obxecto e ámbito de aplicación.

## Tema 19. LEIS DE EMERXENCIAS.

Lei do Sistema Nacional de Protección Civil. Obxecto. Definicións. Sistema Nacional. Planificación. Resposta ás emerxencias. A Norma Básica de Protección Civil: Obxecto, plans territoriais e plans especiais. Plan PLATERGA Lei de emerxencias de Galicia: Obxectivo e alcance. Niveis de gravidade. Activación de plans. Relación de plans de emerxencia de protección civil da Comunidade de Galicia. Obxecto e ámbito de aplicación. Decreto de autoprotección de Galicia. Conceptos xerais.

**ANEXO IV - PROBAS APTITUDES FISICAS E FÍSICAS-PRÁCTICAS**

O segundo exercicio constará das seguintes probas:

Proba 1. Dominadas en barra horizontal. Puntuación por repeticións.

Proba 2. Velocidade 200 metros. Puntuación por tempo.

Proba 3. Resistencia 2000 metros. Puntuación por tempo.

Proba 4. Natación con mergullo 100 metros. Puntuación por tempo.

Proba 5. Subir e baixar unha auto escada de 30 m. Puntuación Apto/Non apto

Proba 6. Encher de area cunha pá un caixón de madeira. Puntuación por tempo.

**Proba 1.- Dominadas en barra horizontal.**

Flexións de cóbado para medir a potencia dos músculos dorsais.

Disposición: Suspendido nunha barra horizontal, co agarre de mans un pouco máis aberto que a anchura dos ombreiros, coas palmas cara adiante.

Posición inicial: Flexión ombreiro (180°). Extensión do cóbado.

Posición final: Abducción de ombreiros. Flexión do cóbado.

Execución: Contaranse o número de esforzos en flexión ou número de veces que pase o queixo sobre o bordo lateral da barra na súa parte superior cun límite máximo de tempo de 2 minutos.

Medición: Non se iniciará ningunha flexión ata que o/a monitor/a dea a indicación coa voz de "xa", acompañada dun sinal coas súas mans nas costas da persoa opositora. O/A monitor/a irá contando en voz alta as flexións válidas que o opositor vaia executando durante o tempo de 2 minutos. Un parapeto será colocado fronte á persoa aspirante para evitar unha excesiva axuda oscilante. A distanciado parapeto será de 35 cm., medida interna do traveseiro onde a persoa aspirante realiza o agarre. Se o/a opositor/a toca o parapeto, non contará esa flexión. A cualificación desta proba será:

- 16 dominadas: 5 puntos
- 17 dominadas: 5,5 puntos
- 18 dominadas: 6 puntos
- 19 dominadas: 6,5 puntos
- 20 dominadas: 7 puntos
- 21 dominadas: 7,5 puntos
- 22 dominadas: 8 puntos
- 23 dominadas: 8,5 puntos
- 24 dominadas: 9 puntos
- 25 dominadas: 9,5 puntos
- 26 dominadas: 10 puntos

Intentos: a persoa aspirante terá dous intentos, cando no primeiro intento non alcance as 16 dominadas, se fai 16 ou máis so terá un intento; cada intento rematará no momento no que a persoa aspirante se descolgue.

Invalidacións: Serán invalidadas as flexións

- Que non se inicien coa extensión total dos brazos, como en posición de arrancada.
- Tocar o parapeto
- Que o queixo non exceda o plano horizontal que forman os dous traveseiros da parte superior da barra.
- Que se inicie sen respectar a indicación nin orde do Monitor..

**Proba 2.- Carreira de 200 metros.**

Carreira de velocidade. Percorrer a distancia de 200 metros lisos en pista e sen saírse das rúas, nun tempo máximo de 28,00 segundos.

Disposición: Cada aspirante na pista asignada e por detrás da liña de saída.

Execución: A persoa aspirante, á voz de «aos seus postos», colocarse na liña de saída sen sobrepasala. Á voz de «listos», inclinará o tronco cara adiante e flexionará a perna adiantada. Á voz de «xa», asubío ou disparo de pistola de atle-

tismo, sairá impulsado ao máximo. A saída pódese realizar de pé ou agachados, sen tacos de saída. Empregarase calzado deportivo, admitíndose o uso de zapatillas de cravos.

Medición: O cronómetro porase en marcha coa sinal de saída, e párase á chegada de cada aspirante á meta, podendo valerse dos medios de control de tempos habituais en atletismo (foto finish).

Intentos: Dous intentos, só no caso que no primeiro intento quede eliminado.

Invalidacións: De acordo co Regulamento Internacional da IA Puntuación:

#### MARCA PUNTUACIÓN

tempo superior a 28,0" Eliminado

de 27,51" a 28,00" 5 puntos

de 27,01" a 27,50" 5,5 puntos

de 26,51" a 27,00" 6 puntos

de 26,01" a 26,50" 6,5 puntos

de 25,51" a 26,00" 7 puntos

de 25,01" a 25,50" 7,5 puntos

de 24,51" a 25,00" 8 puntos

de 24,01" a 24,50" 8,5 puntos

de 23,51" a 24,00" 9 puntos

de 23,01" a 23,50" 9,5 puntos

igual ou inferior a 23,0" 10 puntos.

#### **Proba 3. - Proba de fondo. 2.000 metros lisos.**

Percorrer unha distancia de 2.000 metros nunha pista de atletismo de 400 metros de corda.

Disposición: De pé por detrás da liña de saída, sen asignación de pista.

Execución: As persoas aspirantes, á voz de «aos seus postos», colocaranse na liña de saída sen sobrepasala. Á voz de «listos», prepararanse para a orde de saída. Á voz de «xa», asubío ou disparo de pistola de atletismo, comezarán a carreira. Empregarase calzado deportivo, admitíndose o uso de zapatillas de cravos.

Medición: O cronómetro porase en marcha coa sinal de saída, e parárase á chegada de cada aspirante á meta, podendo valerse dos medios de control de tempos habituais en atletismo (foto finish).

Intentos: Un só intento.

Invalidacións: De acordo co Regulamento Internacional da IA Puntuación:

#### MARCA PUNTUACIÓN

tempo superior a 7'10" Eliminado

de 7'05,01" a 7'10,00" 5 puntos

de 7'00,01" a 7'05,00" 5,5 puntos

de 6'55,01" a 7'00,00" 6 puntos

de 6'50,01" a 6'55,00" 6,5 puntos

de 6'45,01" a 6'50,00" 7 puntos

de 6'40,01" a 6'45,00" 7,5 puntos

de 6'35,01" a 6'40,00" 8 puntos

de 6'30,01" a 6'35,00" 8,5 puntos

de 6'25,01" a 6'30,00" 9 puntos

de 6'20,01" a 6'25,00" 9,5 puntos


igual ou inferior a 6'20,00" 10 puntos

**Proba 4.- Natación con mergullo 100 metros.**


Descrición: O exercicio consiste en nadar e mergullarme, nunha distancia de 100 metros, nunha piscina de 25 metros distribuídos nos seguintes percorridos:

siguientes recorridos:


(A) 25 metros de natación en estilo libre.




(B) 25 metros de natación en estado libre.




(C) 15 metros de buceo hasta recuperar el objeto/anilla colocada en el fondo de la piscina.



(D) Salida a la superficie para nadar la distancia restante hasta el borde, depositando el objeto/anilla en el mismo.



(E) 25 metros en estilo libre.



Posición inicial: De pé no bordo da piscina na zona de saída, con bañador e gorro de baño (permítese o uso de lentes de natación).

Execución: A persoa aspirante situarase ao bordo da piscina á voz de aviso («aos seus postos»); o sinal de saída daraa o/a Xuíz/a á voz de «xa», ou mediante un asubío, entón a persoa aspirante lanzarase á piscina iniciando o percorrido A, e seguidamente sen interrupción o B, C, D e E, finalizando o exercicio cando toca con calquera parte do corpo a parede vertical do vaso da piscina en zona de meta, ao final do ultimo percorrido E.

Reglas: A persoa aspirante terá un só intento para a execución desta proba.

O cronómetro pon en marcha ao sinal de saída cando o/a Xuíz/a dá a voz de «xa» ou mediante un asubío e detense cando a persoa aspirante toca a parede ao final do ultimo percorrido E.

En todo momento a persoa aspirante manterase pola rúa asignada e delimitada polas corcheras; pode impulsarse na parede coas pernas ao final dos percorridos A, B, e D. No percorrido C, a impulsión coas pernas poderá facerse dende o chan da piscina.

Os percorridos A, B, D e E, considéranse realizados sempre que a persoa aspirante toca a parede con calquera parte do seu corpo.

A persoa aspirante deberá depositar o obxecto/argola onde sinala o Tribunal no bordo da piscina, no final do tramo D, despois de tocar a parede con calquera parte do corpo e para iso poderá apoiarse ou suxeitarse libremente no bordo.

Invalideacións: O exercicio será nulo cando:

- a) A persoa aspirante para finalizar o exercicio, camiñe polo fondo ou se axude nas corcheras, estimándose que non finalizou a mesma.
- b) Cambie de rúa.
- c) Saia á superficie da auga na zona de mergullo.
- d) Realice o exercicio nun tempo superior á marca establecida.
- e) Efectúe dúas saídas falsas, entendendo por saída falsa lanzarse á piscina antes da voz da orde de saída («xa» ou asubío)
- f) Non deposite correctamente o obxecto/argola.

Puntuación: anótase o tempo invertido en minutos e segundos, tendo en conta as fraccións de segundo.

TEMPO	PUNTUACION
Máis ou igual a 1'30"	eliminado
Entre 1'23" e 1'29"	5 puntos
Entre 1'19" e 1'22"	6 puntos
Entre 1'15" e 1'18"	7 puntos
Entre 1'11" e 1'14"	8 puntos
Entre 1'07" e 1'10"	9 puntos
1'06" ou menos	10 puntos

#### Probos de aptitude físico-práctico.

Estas probas teñen por obxecto:

Proba 5: Acreditar a tolerancia ao traballo en altura (vertixe e equilibrio).

Proba 6: Acreditar a capacidade de traballo e xestión do esforzo na realización dunha tarefa manual.

Con independencia de que cada aspirante poida dispoñer do seu propio equipo de protección, para as devanditas probas prácticas; facilitaranse os equipos de protección individual necesarios, excepto o calzado de seguridade que deberá traer cada aspirante.

Na execución destas probas será de obrigado cumprimento a normativa en materia de prevención de riscos para este tipo de actividades.

O prazo máximo de alegacións será de 5 días hábiles.

#### Proba 5

Subir e baixar unha auto escada de 30 m. de lonxitude cunha inclinación de 65°, nun tempo máximo de 2 minutos e 15 segundos.

Execución: As persoas aspirantes, debidamente aseguradas, realizarán a subida da auto escada de 30 metros, desde o primeiro chanzo da mesma, ata o final da auto escada, chegando polo menos cunha das mans ó sinal indicado ao final da mesma (que poderá ser visual ou acústica), e comezará o descenso. A posición de subida e de baixada será coa cara enfrontada aos chanzos.

Medición: Será manual con cronómetro, que se porá en funcionamento ao sinal de comezo da proba e se deterá cando o aspirante remate o descenso.

Intentos: Un só intento

Invalideacións: Non se permitirá outra posición que a sinalada na execución

Puntuación: A proba será apto ou non apto

#### Proba 6

Consistirá en encher de area cunha pá un caixón de madeira de medio metro cúbico nun tempo máximo de dous minutos e cinco segundos.

Execución: A persoa aspirante situarase entre un montón de area suficiente e un caixón de medio metro cúbico de capacidade, separados entre si unha distancia aproximada de 1 metro. Á voz de xa, comezará a transvasar area da morea ao caixón, ata o momento en que considere que o caixón está completo, dando sinal de que rematou para parar o cronómetro. O tribunal enrasará a area e comprobará que esta cubre a totalidade do volume.

Medición: Será manual con cronómetro, que se porá en funcionamento ao sinal de comezo da proba e se deterá cando o aspirante dea o sinal de rematado.

Intentos: Un só intento

Invalidacións: Non cubrir a totalidade do volume do caixón unha vez enrasado polo tribunal.

Puntuación: Puntuarase de acordo ao seguinte baremo:

#### MARCA PUNTUACIÓN

tempo igual ou superior a 2' 05,01" Eliminado

de 1' 58,01" a 2' 05,00" 5 puntos

de 1' 51,01" a 1' 58,00" 6 puntos

de 1' 43,01" a 1' 51,00" 7 puntos

de 1' 35,01" a 1' 43,00" 8 puntos

de 1' 28,01" a 1' 35,00" 9 puntos

igual ou inferior a 1' 28" 10 puntos

## ANEXO V - PERFIL PSICOLÓXICO PARA O EXAME PSICOTÉCNICO

Tendo en conta as funcións que debe realiza-lo servizo de extinción de incendios, os test irán dirixidos a excluír ós/ás aspirantes con anomalías respecto ó perfil psicolóxico que debe reunir o persoal do servizo, e que se traducen nas seguintes:

1. Desviación psicopática: refírese á incapacidade de aproveitamento das experiencias vividas e á desconsideración cara ás normas sociais. Aparentemente esta anomalía non se pode detectar sen un estudio psicolóxico, xa que as persoas con esta tendencia se mostran agradables e intelixentes e só se descubren a simple vista cando se atopan en serias dificultades, por iso débense utilizar instrumentos sociométricos para a súa detección.

2. Esquizofrenia: refírese á separación que presentan algunhas persoas entre a vida subxectiva e a realidade, por tanto presentan de forma irracional cambios de estado de ánimo e de conduta.

3. Paranoia: refírese á aparición de delirios de persecución, susceptibilidade ou sospeita, hipersensibilidade con ou en egotismo expansivo (demasiada importancia da propia persoa e un afán desmedido en falar de si mesmo). Os suxeitos que padecen a dita anormalidade dan a impresión de ser normais cando están en garda, pero pódense converter rapidamente en litigantes ou vingativos contra calquera que dea mostras de querer controlalos.

4. Psicastenia: refírese a un tipo de conduta, tanto explícita como implícita, causada por fobias que inclúen todo tipo de temores ilóxicos (obxectos ou situacións) que poden provocar reaccións extremas a estímulos correntes.

5. Hipomanía: refírese a unha alteración cunha marcada superprodutividade de pensamento e accións. As actividades das persoas que padecen esta anomalía poden estorbar ós demais, xa que prestan moi pouca atención ós principios sociais establecidos, mostrando graves dificultades coa lei e os seus representantes.

6. Depresión: refírese á tendencia a mostrar unha falta de confianza en si mesmo, tendencia a preocuparse, poucos intereses e introversión cando se atopa ante unha situación crítica.

7. Histeria: refírese á propensión a sufrir ataques esporádicos de debilidade, desmaio, ou convulsións epileptoides, que se desencadean ante calquera situación de tensión.

8. Hipocondriase: refírese á inmadurez ante a forma de enfrontamento ós problemas, con tendencia a non atopar solucións adecuadas.

Así mesmo, valoraranse positivamente no test os factores determinantes da personalidade que deben estar presentes no perfil ideal dos aspirantes ó ingreso neste corpo, e que se traducen en:

1. Nivel intelectual: refírese á capacidade para a toma de decisións, capacidade de aprendizaxe, atención e concentración na tarefa.

2. Nivel de personalidade: refírese a factores como a estabilidade emocional, orde e minuciosidade, responsabilidade, capacidade de traballo en equipo, sociabilidade e capacidade de adaptación ó grupo, capacidade de concentración e capacidade para afrontar situacións novas que impliquen risco

## ANEXO VI - CADRO DE APTITUDE MÉDICA

### A.-EXCLUSIÓNS DEFINITIVAS DE CARÁCTER XERAL.

Defectos físicos conxénitos ou adquiridos, de calquera tipo e localización, que menoscaben ou dificulten a función pública e as realizacións específicas do posto a que opta, aínda que sexa parcialmente.

Enfermidades agudas ou crónicas de calquera aparello ou sistema con posible repercusión sobre as realizacións específicas do posto a que opta, aínda que sexa parcialmente.

O aspirante ha de estar exento de toda enfermidade orgánica, de toda secuela de accidente e de calquera deficiencia física ou psíquica que poida constituír unha dificultade na práctica profesional e serán motivo de exclusión definitiva as patoloxías enumeradas a continuación por órganos, sistemas e aparellos:

#### 1.- OFTALMOLOXÍA. Será motivo de exclusión:

- A agudeza visual afastada medida SEN corrección debe ser superior ou igual a 0.5 no ollo mellor e a 0.3 no ollo peor (agudeza visual medida mediante o test de Snellen).
- A visión monocular implica non aptitude. Así mesmo, campos visuais con reducións significativas nalgún meridiano ou escotomas absolutos/relativos na sensibilidade retiniana.
- Diploía, retinopatías, hemeralopía ou hemianopsia. As forias permiten a aptitude se son pequenas e o aspirante presenta unha capacidade de fusión suficiente.
- A alteración na percepción normal das cores, entendida como a capacidade de pasar as táboas de Ishihara.
- Padecer alteracións significativas na capacidade de recuperación ao deslumbamento ou na visión mesópica (baixa iluminación).
- Presentar alteracións palpebrais que impidan a adecuada protección do ollo.
- Presentar Distrofias corneais significativas.
- Padecer Glaucomas, Queratitis crónica ou Dacriocistitis crónica.

#### 2.- OTORRINOLARINGOLOXÍA. Non se admitirán:

- Uso de audífono.
- Perdas de agudeza auditiva bilateral superiores a 30 decibeis en ningunha das frecuencias estudadas.
- Vertixe permanente de calquera etioloxía.
- Dificultades importantes da fonación.
- Perforación timpánica.
- Tartamudez acusada.
- Obstrución crónica das fosas nasais.

3.- APARELLO LOCOMOTOR. Consideraranse excluíntes, alteracións anatómicas e/ou funcionais que supoñan afectación dos rangos de mobilidade normal das articulacións:

#### A) EXTREMIDADES SUPERIORES:

- Ombreiro (anteversión, retroversión, abducción, adución, flexión e extensión)
- Cóbado (flexión, extensión e prono-supinación)
- Pulso (flexión e extensión)
- Man e dedos;
  - Falta dunha man ou de parte da mesma.
  - Falta ou perda de calquera falanxe de calquera dedo que ocasionen perda da función de pinza ou afecten o puño e forza, ou impidan a utilización correcta de luvas.

(Dinamometría non inferior a 30 kgs. en calquera das mans)

#### B) EXTREMIDADES INFERIORES:

- Cadrís (flexión e extensión.)
- Xeonllo (extensión completa e flexión.). A extensión debe ser completa.
- Nocello (flexión e extensión.)

- Pé (Pé Zambo. Pé Plano Espástico.)
- Dedos;
- Limitación de movementos que dificulte andar, correr ou saltar.
- Falta ou perda do primeiro dedo de calquera pé.
- Limitación completa da flexión dorsal do primeiro dedo.
- Dedos en garra ou calquera patoloxía que impida levar as botas de traballo.

C) COLUMNA VERTEBRAL:

- Escoliose, con sintomatoloxía.
- Costela accesoria que produza “Roubo de Subclavia”.
- Hernia discal con sintomatoloxía.

D) OUTROS PROCESOS QUE TERÁN CARÁCTER EXCLUÍNTE:

- Fracturas que deixen secuelas e dificulten a función.
- Osteoporose.
- Condromalacia grao II ou superior.
- Artrite que provoque limitación funcional.
- Luxación recidivante.
- Parálise muscular. Miotonías.
- Outras enfermidades que limiten a mobilidade dificultando as funcións de Bombeiro.
- Non se admitirán prótese nin de cadeira, nin de xeonllo, nin de ombreiro, nin de cóbado.

4.- APARELLO DIXESTIVO. Serán excluínates as seguintes situacións clínicas:

- Estadios cirróticos ou precirróticos (grao histolóxico III e IV).
- Hepatopatías crónicas:
- Virus C + con RNA +. (Serán admitidos virus C+ sempre que o RNA sexa - e non haxa cirrose).
- Virus B+.
- Enfermidade de Wilson non compensada.
- Hepatopatías alcohólicas.
- Hepatopatías agudas con repercusión encimática importante.
- Hipertransaminasemias idiopáticas de etioloxía hepática con niveis que cuadripliquen o límite superior da normalidade.
- Ser sometidos a transplantes hepáticos.
- Pancreatitis crónica.
- Síndromes diarreicos crónicos.
- Eventracións non intervidas.
- Pacientes sometidos a cirurxías resectivas abdominais importantes.
- Úlcera sangante recidivante.
- Portador de ostomia.
- Calquera patoloxía do aparello dixestivo con ou sen intervención cirúrxica que presente secuelas funcionais con repercusión orgánica.

5.- APARELLO CARDIOVASCULAR. Será excluínate padecer ou padecer algún dos seguintes procesos:

- Marcapasos implantado permanente.
- Miocardiopatía dilatada idiopática.
- Miocardiopatía hipertrófica obstrutiva.
- Miocardiopatía hipertrófica non obstrutiva.

- Valvulopatías.
- Infarto de Miocardio.
- Coronariopatías.
- Pericarditis crónicas.
- Taquicardias Ventriculares.
- Síndrome de Brugada.
- Taquicardias Auriculares.
- Flutter auricular.
- Fibrilación auricular.
- Enfermidade do nodo sinusal..
- Bloqueos AV completos.
- Bloqueos AV 1º e Mobitz I sintomáticos.
- Bloqueos AV grao Mobitz II.
- Síndrome Wolf-Parkinson-White.
- HTA severa con repercusión clínica.
- HTA moderada mal tolerada.
- Sincopes vasovagales.
- Aneurismas cardíacos ou de grandes vasos.
- Insuficiencia venosa periférica que produza signos de estasis ou alteracións tróficas varicosas importantes.
- Insuficiencia arterial periférica.
- Secuelas post-tromboembólicas
- Alteracións circulatorias en mans/pés que sexan sintomáticos ou dificulten a funcionalidade dos mesmos.

6.- APARELLO RESPIRATORIO. Serán causas de exclusión:

- Diminución de FVC, FEV 1 e FEV1/FVC por baixo do 80% do estimado normal para as súas características físicas e sexo.
- Asma bronquial.
- Calquera tipo de Enfermidade Pulmonar Obstrutiva Crónica
- Pneumotórax espontáneo recidivante.
- Atelectasia.
- Enfisema.
- Tuberculose activa.
- Síndrome de Apnea Obstrutiva do Sono, os trastornos relacionados con este, nin outras causas de excesiva somnolencia diúrna.
- Outros procesos respiratorios que incidan negativamente nas actividades físicas a realizar así como nas tarefas específicas do posto de traballo.

7.- SISTEMA NERVIOSO CENTRAL. Será excluínte padecer ou padecer:

- Párkinson, Corea ou Balismo.
- Epilepsia.
- Esclerose Múltiple.
- Ataxia.
- Calquera grao de hiposmia.
- Vertixe de orixe central.
- Accidentes cerebrovasculares.
- Enfermidade neuromuscular con limitacións funcionais.

8.- PEL E FANERAS. Non se admitiran:

- Enfermidades dermatolóxicas que impidan a utilización de luvas ou susceptibles de empeorar polo uso das mesmas.
- Enfermidades dermatolóxicas que produzan limitación funcional.
- Cicatrices que produzan limitación funcional.

9.- PROCESOS ENDOCRINOLÓXICOS. Será excluínente padecer algún dos seguintes procesos:

- Diabetes tipo I ou II.
- Enfermidade de Cushing.
- Enfermidade de Addison.
- Síndrome metabólico.
- Obesidade mórbida constatada con IMC de 40,0 ou maior, ou ben, IMC de 35,0 ou maior na presenza de polo menos unha ou outra morbilidade significativa como diabetes ou hipertensión arterial.

- Perímetro de cintura superior a 102 cms.

10.- APARELLO URINARIO. Serán motivo de exclusión:

- Insuficiencia renal crónica.
- Transplantes renais.
- Falta dun ril.
- Enfermidades renais crónicas evolutivas.
- Análise de ouriños: Albuminuria e/ou cilindruria importantes.

11.- OUTROS PROCESOS PATOLÓXICOS EXCLUÍNTES.

- Hemopatías crónicas graves.
- Transplante de medula ósea.
- Probas analíticas compatibles con patoloxía de base con grave repercusión orgánica.
- Neoplasias malignas con repercusión funcional.
- Hernias inguinais e/ou abdominais.
- Calquera enfermidade infecciosa crónica e rebelde ao tratamento.
- Procesos que requiran tratamento anticoagulante.
- Alcoholismo e/ou calquera outra drogodependencia.
- Patoloxías psiquiátricas.

12.- CALQUERA OUTRO PROCESO PATOLÓXICO QUE DIFICULTE OU IMPIDA O DESENVOLVEMENTO DAS FUNCIÓNS DE BOMBEIRO. B.-EXCLUSIÓN CIRCUNSTANCIAIS.

Enfermidade ou lesións agudas de solución médica ou cirúrxica, activas no momento do recoñecemento, que potencialmente poidan producir secuelas capaces de dificultar, limitar ou impedir o desenvolvemento das funcións esixidas para o posto solicitado.

En tales casos, o Tribunal Cualificador das probas selectivas, coas asesorías necesarias, poderá fixar un novo prazo para comprobación do estado do aspirante, anterior ao comezo do curso selectivo, ao final do cal a asesoría médica certificará se persiste a situación, se quedaron secuelas ou desapareceron os motivos de exclusión circunstancial.

## **BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE DE NOVE (9) PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, BOMBEIRO/A CONDUTOR/A ESPECIALISTA, DA ESCALA DE ADMINISTRACION ESPECIAL (SUBGRUPO C1)**

### **PRIMEIRA. OBXECTO E PREVISIÓNS XERAIS**

1.- Estas bases específicas teñen por obxecto regular a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura en propiedade de nove (9) prazas de bombeiro/a condutor/a especialista da escala de administración especial, subescala servizos especiais, en quenda libre e mediante o sistema de oposición, que figuran como vacantes nos cadros de persoal funcionario do Concello de Santiago de Compostela e foron incluídas na correspondente oferta de emprego público do ano 2025 (BOP núm. 97, do 23/05/2025).

2.- Desta convocatoria, tal e como se prevé nas bases xerais, derívase tamén a creación dunha bolsa de emprego que habilitará unha listaxe de persoas aspirantes, segundo a orde que resulte da puntuación acadada no proceso selectivo, para futuras incorporacións de persoal temporal e nos supostos e baixo as modalidades contractuais que legalmente procedan.

3.- Para o desenvolvemento deste proceso selectivo teranse en conta as previsións contidas nestas bases específicas e as recollidas nas Bases Xerais polas que se rexen os procesos selectivos que convoque o Concello de Santiago de Compostela, publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña* núm. 187, do 30 de setembro de 2022.

### **SEGUNDA. CARACTERÍSTICAS DAS VACANTES QUE SE CONVOCAN**

Clase de persoal: funcionario/a de carreira.

Denominación: bombeiro/a condutor/a especialista

Clasificación: grupo C, subgrupo C1, escala de administración especial, subescala servizos especiais.

Funcións: as correspondentes ao posto e ao servizo ao que se adscriba, segundo a relación de postos de traballo (RPT) municipal ou o instrumento organizativo equivalente e vixente en cada momento, e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e legal inherente. Resumidamente as súas funcións son:

- Intervir nos sinistros, accidentes ou servizos, dentro de termo municipal, realizando as operacións materiais necesarias para solucionarlos.
- Participar con aproveitamento nas actividades de actualización e/ou prácticas da especialidade que lle sexan impartidas.
- Realizar todas as tarefas auxiliares e/ou complementarias do S.E.I.S. que lle sexan encomendadas (control de repostos, combustible, teléfono, toma de datos, mantemento e conservación do Parque, materiais, vehículos, escalas, tanques, bombas, lámpadas, mangueras, etc., exercitación física, etc.)
- Realizar as operacións auxiliares e/ou complementarias de outros oficios que se necesiten habitualmente para exercer a súa intervención, así como as que especificamente e de forma persoal ten recoñecidas.
- Realizar operacións de similar nivel e complexidade pertencentes a outras especialidades, tras un período de aprendizaxe e/ou adaptación adecuado.
- Realizar ademais aquelas tarefas análogas que lle sexan asignadas polo seu superior, relacionadas coas misións propias do posto.
- Desprazarse en vehículos que poden conducirse co carné C+E.

Así mesmo, o bombeiro-condutor especialista estará obrigado a manter de forma continuada as súas condicións de aptitude física e profesional, mediante a asistencia a cursos de formación física, teórica e práctica, así como asistir aos cursos de perfeccionamento profesional considerados necesarios pola xefatura do servizo.

Retribucións: as básicas propias do seu grupo e subgrupo de clasificación profesional, así como as complementarias que estean fixadas para o posto ao que se adscriba segundo a RPT vixente, sen prexuízo daquelas de índole persoal ou variable a que, se é o caso, poida ter dereito.

Xornada de traballo: completa.

### **TERCEIRA. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES**

1. Para seren admitidas na realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir, ademais dos esixidos nas bases xerais, os seguintes requisitos:

- Posuír ou estar en condicións de obter o título de Bacharelato, Técnico ou equivalente

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

- Posuír o permiso de conducir C+E

3. As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e mantelos ata a data do seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

#### **CUARTA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

1.- As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo presentaranse preferentemente por vía electrónica no modelo normalizado que está a disposición das persoas interesadas na sede electrónica do Concello (<https://sede.santiagodecompostela.gal//selecciondepersoal>) e dirixidas á Concellería de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local. Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.- Para seren admitidas nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

3.- Coa solicitude deberán achegar a seguinte documentación::

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento acreditativo da nacionalidade e identidade da persoa aspirante.
- Acreditación do pago da taxa polos dereitos de exame.
- Titulación académica esixida.
- Permiso de conducir C+E
- CELGA 4 ou título equivalente ou superior, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.
- Certificado médico en modelo oficial nos termos establecidos no Anexo I das presentes bases
- Autorización de realización das probas médicas, segundo modelo do Anexo II

4.- As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude se o texto dos exercicios deberá entregárselles en galego ou castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude, as/os aspirantes non poderán modificala. No caso de non indicar ningunha das opcións, entenderase a de galego.

5.- A documentación presentarse por medio de copia simple sen necesidade de cotexo, sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (ou daqueloutras previsións normativas análogas, concordantes ou substitutivas), se poida requirir posteriormente a documentación ou información orixinal e o seu cotexo.

6.- As persoas aspirantes deberán aboar unha taxa de 71,00 € por dereitos de exame de acordo oa vixente Ordenanza fiscal 3.07 regulada da taxa por expedición de documentos administrativos.

O ingreso do importe da taxa efectuarase por medio de autoliquidación a través da Oficina Virtual do Contribuínte-OVC (<https://sede.santigodecompostela.gal>) e posterior pago nas diferentes entidades bancarias que se indican no documento de autoliquidación ou nas súas pasarelas de pago respectivas.

7.- O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial do Estado*.

A presentación fóra de prazo suporá a non admisión do/a aspirante ao proceso selectivo.

#### **QUINTA. PROBA DE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO**

As persoas que non acrediten estar en posesión do título Celga 4, equivalente ou superior deberán realizar unha proba eliminatoria de coñecemento de lingua galega, que se efectuará antes de iniciarse a fase de oposición., e que consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo dunha hora. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes da realización da proba. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto e corresponderá ao tribunal valorar o coñecemento esixido para superar esta proba. A proba escrita corríxirase respectando o anonimato das persoas candidatas

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do Celga 4, equivalente ou superior, e que non superen esta proba quedarán excluídas do proceso.

#### **SEXTA. CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO**

1.- A selección das persoas aspirantes realizarase a través do sistema de oposición, seguido dun recoñecemento médico e dun curso selectivo e período de prácticas.

Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación no BOP da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As normas de dereito positivo relacionadas no temario da convocatoria que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación no BOP das listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As persoas aspirantes deberán acudir a todas as probas previstas do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade.

2.- Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, etc.) están prohibidos dentro da sala onde teñan lugar as probas. O son dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión do opositor ou da opositora do lugar do exame e non se procederá á corrección do seu exercicio.

Excepcionalmente, o tribunal permitirá o uso de determinados aparellos electrónicos se estes fosen necesarios e imprescindibles para a realización dalgúns dos exercicios, o cal deberá de facerse constar de forma expresa na convocatoria do día e hora de celebración do exercicio.

#### **SÉTIMA.- FASE DE OPOSICIÓN.**

A fase de oposición consistirá na realización de tres (3) exercicios de carácter obrigatorio que se indican a continuación e que serán eliminatorios

**Primeiro exercicio (P1):** Consistirá na realización dun cuestionario dirixido a determinar os coñecementos da parte xeral e da parte específica do temario recollido no Anexo III.

O cuestionario constará de 90 preguntas tipo test (24 preguntas da parte xeral e 66 preguntas da parte específica, das cales 14 preguntas estarán relacionadas co tema 1 “Coñecemento do Municipio” e 52 preguntas relacionadas cos temas restantes da parte específica), con catro respostas alternativas e unha soa delas correcta, a resolver nun tempo máximo de 100 minutos.

O exercicio que se propoña terá 10 preguntas tipo test de reserva (as dúas primeiras preguntas da reserva serán relacionadas co Coñecemento do Municipio) que substituirán na súa orde a aquelas preguntas que, no seu caso, o Tribunal acorde anular.

O sistema de puntuación do cuestionario seguirá os seguintes criterios: cada pregunta acertada puntuará 0,1 puntos e cada pregunta contestada erroneamente restará 0,05.

O exercicio cualificarase de 0 a 9 puntos (P1), debéndose obter como mínimo 4,5 puntos para poder continuar no proceso selectivo.

O prazo máximo de alegacións será de 5 días hábiles a contar dende o seguinte a publicación das cualificacións na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello. Este prazo será o de aplicación en cada una das probas das que se compón este proceso selectivo.

As persoas aspirantes terán dereito a obter unha copia da súa folla de respostas. Do mesmo xeito poderán retirar o cuestionario sempre que o exercicio se houbese feito en único chamamento. De terse feito varios chamamentos, os diferentes cuestionarios serán publicados polo tribunal na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela con posterioridade á finalización do exercicio.

**Segundo exercicio (P2):** Consistirá na realización de seis (6) probas de aptitude física e física-práctica que se detallan no anexo IV.

Para a súa realización, as persoas aspirantes deberán presentarse provistas do equipamento deportivo correspondente.

Este exercicio será dirixido polo menos por un técnico especialista, designado polo Tribunal en calidade de asesor, e realizarase en presenza deste. En función do número de opositores e do tipo de proba de que se trate, disporase da asistencia necesaria de asesores en número suficiente para garantir un obxectivo control e medición destas, reducindo ao máximo o factor humano.

A proba número: 5 será cualificada como apto/non apto, e o resto das probas físicas e físicas – prácticas, serán cualificadas de cinco a dez puntos, sendo eliminados aqueles aspirantes que non alcancen na proba número 5 a cualificación de apto e a cualificación mínima de cinco puntos no resto das probas físicas e físicas – prácticas.

As aspirantes mulleres que superen o corte das probas puntuables verán incrementada a súa puntuación en ditas probas nun 20% sen superar o máximo de 10 puntos.

A cualificación do segundo exercicio (P2) será a media aritmética redondeada ata a terceira cifra decimal das obtidas en cada unha das probas puntuables, sendo cualificado de cinco a dez puntos.

En calquera momento do desenvolvemento das probas físicas, o tribunal poderá convocar a aqueles aspirantes que considere para a realización dun control de dopaxe mediante a recollida dunha mostra de ouriños non inferior a 100 mililitros. Esta convocatoria realizarase por escrito, mediante o formulario de control de dopaxe oficial establecido nas normas da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte. A resistencia ou negativa expresa por parte do aspirante a realizar dita proba, ou a súa non presentación á realización da mesma no lugar e tempo en que sexa convocado de xeito non xustificadamente, suporá a exclusión inmediata do mesmo do proceso selectivo. Así mesmo, será motivo de exclusión a obstrución, non atención, dilación indebida, ocultación e demais condutas que, por acción ou omisión, eviten, impidan, perturben ou non permitan realizar controis de dopaxe na forma prevista na Lei, ou sempre que calquera aspirante evite voluntariamente, por acción ou omisión, a recollida de mostras a que estivese obrigado a someterse.

A lista de substancias e métodos prohibidos que se empregará de referencia para determinar se un resultado analítico é desfavorable, será a publicada pola Axencia Mundial Antidopaxe (WADA) para o ano 2025. Pódese consultar no seguinte enlace: <https://wada-main-prod.s3.amazonaws.com/resources/files/wada-2025-prohibited-listesp.pdf>

A detección da presenza de calquera cantidade dunha substancia prohibida, ou dos seus metabolitos ou marcadores, na mostra de ouriños dun aspirante, suporá a súa exclusión do proceso selectivo, sen prexuízo do dereito de solicitude de realización de contra-análise que asiste ao aspirante, así como do seu recurso ao Tribunal Cualificador coas alegacións que estime oportunas.

As persoas aspirantes que reciban tratamento habitual con algunha medicación susceptible de dar lugar a un resultado desfavorable, deberán solicitar ao Tribunal Cualificador, con antelación suficiente á realización das probas físicas (non inferior aos 14 días), unha autorización de uso terapéutico. O Tribunal aplicará os criterios de avaliación empregados pola Convención Internacional contra a dopaxe no deporte e nas normas para a concesión de autorizacións de uso terapéutico adoptadas pola Axencia Mundial Antidopaxe.

**Terceiro exercicio (P3):** ) Constará de dúas probas: unha proba de aptitude psicotécnica e unha entrevista persoal. Para a formulación e valoración deste exercicio, o Tribunal estará asistido por un equipo psicolóxico, formado por licenciados en psicología ou titulación equivalente, e con experiencia na realización deste tipo de probas para o acceso á función pública. Á vista de dito informe o Tribunal Cualificador resolverá.

a) Proba de aptitude psicotécnica: consistirá en contestar por escrito no tempo que determine o Tribunal un test de personalidade dirixido á valoración da capacidade de razoamento e planificación do/a aspirante, así como dos aspectos da personalidade e actitudes máis adecuadas ás funcións que vaia desenvolver.

Levarase a cabo mediante test normalizado e a valoración dos aspirantes realizarase por comparación cos baremos e perfís do devandito test.

O contido concreto dos baremos e perfís para a comparación será o que figura no anexo V destas bases.

b) Entrevista persoal: o obxecto desta entrevista é levar a cabo unha avaliación psicolóxica a partir do resultado da proba de aptitude psicotécnica anterior, tendo unha función meramente de contraste, que serve para corroborar ou ampliar a información obtida na proba anterior, non para introducir novos elementos de contraste (non se trata dunha proba autónoma senón que enlaza coa anterior).

Será gravada en formato audio e vídeo, excepto negativa expresa de la persoa opositora, que deberá firmar un documento que acredite a negativa a tal gravación. A entrevista farase atendendo a un guiión predefinido e decidido entre o persoal asesor designado e o tribunal antes da súa realización.

A cualificación deste exercicio será de «apto» ou «non apto», debendo conseguir a de apto para poder continuar no proceso.

#### OITAVA.- CUALIFICACIÓN FINAL DA FASE DE OPOSICIÓN.

A puntuación final da fase de oposición (PO) será o resultado da suma ponderada das puntuacións dos exercicios 1 e 2, en base dez e redondeada ata a terceira cifra decimal.

O peso específico de cada exercicio na nota final será:

Primeiro exercicio (P1): 60%

Segundo exercicio (P2): 40%

Polo tanto a fórmula a aplicar será a seguinte:

P1

$$PO = (P1 \times 0,6) + (P2 \times 0,4)$$

0,9

As cualificacións de cada exercicio, así como a puntuación final da fase de oposición que determinará a orde de prelación no acceso á praza, serán expostas no Taboleiro de Anuncios do Concello. En caso de empate, dirimirase atendendo ao establecido nas bases xerais BOP núm.187, do 30 de setembro de 2022).

#### NOVENA.- RECOÑECEMENTO MÉDICO

Rematados os exercicios da fase de oposición, o Tribunal convocará, por orde de prelación, ás persoas aspirantes que a superasen, en número igual que o de prazas convocadas, máis once adicionais, para a realización do recoñecemento médico.

Este recoñecemento médico terá por obxecto acreditar que as persoas aspirantes posúen as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o exercicio das funcións e tarefas das prazas convocadas, e rexerese polo cadro de aptitude médica que figura no Anexo VI desta convocatoria.

O dito recoñecemento terá carácter obrigatorio e eliminatorio. No caso de que algunha persoa aspirante resultase eliminado, o tribunal convocará á seguinte por orde de prelación, para a realización do referido recoñecemento médico, ata completar as prazas ofertadas.

#### DÉCIMA.- CURSO SELECTIVO DE FORMACIÓN E PERÍODO DE PRÁCTICAS.-

As persoas aspirantes propostas polo Tribunal, en número igual ao de prazas convocadas, unha vez presentada a documentación requirida e comprobado o cumprimento dos requisitos, serán nomeadas funcionarias en prácticas na praza convocada, por decreto da Alcaldía ou da persoa titular da Concellaría delegada en materia Persoal, cos dereitos económicos correspondentes á mesma. O nomeamento en prácticas producirase no momento no que dea comezo o curso obrigatorio de formación teórico-práctico nas instalacións do servizo ou en calquera outra instalación nas condicións que regulamentariamente se determinen

##### 10.1. Curso selectivo de formación:

O curso selectivo de «Formación de Acolida de Bombeiros de Nova Incorporación» será dirixido pola persoa titular da Xefatura do Servizo do S.E.I.S., sendo esta a responsable do seguimento e a interlocutora cos monitores do curso. En sesión especialmente convocada ao efecto, a Xefatura do servizo de extinción de incendios dará traslado ao Tribunal Cualificador, da organización do Curso de Formación (calendario, probas de avaliación, puntuación das mesmas..), así como das Normas que rexerán a «Formación de Acolida de Bombeiros de Nova Incorporación».

O curso selectivo terá unha duración mínima de 287 horas lectivas e se estruturará nos seguintes bloques de contido:

MÓDULOS DE CONTIDOS DO CURSO	DURACIÓN (mínimos de horas)
1.SALVAMENTO, SOPORTE VITAL BÁSICO E PRIMEIROS AUXILIOS.	14 horas
2.SALVAMENTO, RESCATE E TRABALLOS EN ALTURA.	35 horas
3.SALVAMENTO EN ESPAZOS CONFINADOS.	21 horas
4.SALVAMENTO E RESCATE EN MEDIOS DE TRANSPORTE. EXCARCERACIÓN.	28 horas
5.SALVAMENTO E RESCATE EN MEDIO ACUÁTICO.	28 horas
6.CONTROL E EXTINCIÓN DE INCENDIOS.	35 horas
7.LUMES E INTERVENCIÓNS CON PRESENZA DE RISCO ELÉCTRICO.	7 horas
8.INTERVENCIÓNS EN EMERXENCIAS CON SUBSTANCIAS PERIGOSAS.	28 horas
9.CONDUCCIÓN E USO DE VEHÍCULOS DOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN E SALVAMENTO.	28 horas
10.INTERVENCIÓN EN FENÓMENOS NATURAIS, METEOROLÓXICOS E ANTRÓPICOS.	28 horas
11.AS OPERACIÓNS PARA AS AXUDAS TÉCNICAS.	21 horas
12. OUTRAS INTERVENCIÓNS E TAREFAS	14 horas
DURACIÓN TOTAL (HORAS) DO CURSO	287 HORAS

**MÓDULO 1.- SALVAMENTO, SOPORTE VITAL BÁSICO E PRIMEIROS AUXILIOS. (14 horas)**

SopORTE vital básico. Técnicas de RCP O uso do desfibrilador (DESA).

Atención sanitaria e primeiros auxilios para intervinentes.

Sinistros e rescates con perigo por presenza ou proximidade de electricidade.

**MÓDULO 2.- SALVAMENTO, RESCATE E TRABALLOS EN ALTURA. (35 horas)**

Os traballos en altura conforme ás normativas R.D. 1215/1997 e R.D. 2177/2004.

Os equipos e medios de acceso e traballo en altura.

Os EPI e as proteccións colectivas contra caídas.

O manexo das escaleiras portátiles.

As manobras e os sistemas para as operacións de rescate e de acceso e traballo en altura.

As técnicas para a progresión mediante cordas e sobre estruturas.

Os sistemas de suxeición. Os sistemas anticaídas. Os equipos de protección individual.

As normas sobre o coidado, mantemento e verificación do equipo de traballo e de seguridade.

As técnicas de salvamento de persoas accidentadas en suspensión.

As técnicas do rescate e para o autorrescate.

As medidas de seguridade ante condicións meteorolóxicas que poidan afectar á seguridade.

As técnicas seguras de manipulación de cargas en altura.

As poleas, trípodas, tornos, padiolas e outros.

Os equipos de elevación.

Os equipos de tracción e de arrastre.

As tirolinas. As autoescalas.

**MÓDULO 3.- SALVAMENTO EN ESPAZOS CONFINADOS. (21 horas)**

Conceptos das zonas de risco grave e dos espazos confinados. Definicións regulamentarias, criterios, riscos, medidas e técnicas de seguridade. Rescate nun espazo confinado.

Os procedementos para a entrada e as operacións de traballo e salvamento dentro de espazos confinados de conformidade coa normativa.

O emprego de equipos detectores de gases e explosímetros.

A supervisión e o control de ambientes de traballo nos que poidan formarse atmosferas explosivas, tóxicas ou con perigo de asfixia.

Simulación dun acceso e rescate nun espazo confinado.

**MÓDULO 4.- SALVAMENTO, RESCATE EN MEDIOS DE TRANSPORTE. EXCARCERACIÓN. (28 horas)**

Técnicas, manobras e procedementos para salvamento de persoas e rescates en vehículos por accidentes de tráfico e das vítimas noutros medios de transporte.

A excarceración e extricación vehicular.

Uso dos medios para excarceración. Ferramentas eléctricas e hidráulicas.

Radial. Motodisco. Serra de sable. Simulación dunha excarceración.

**MÓDULO 5.- SALVAMENTO E RESCATE EN MEDIO ACUÁTICO. (28 horas)**

Tipos de lámina de auga. Escenarios de intervención. As inundacións.

Técnicas de rastrexo, reflote e rescate.

Operacións en augas en calma, en augas con corrente e en espazos de saltos de auga, barrancos e desniveis.

Uso dos medios de protección persoal e colectiva.

Os equipos de flotación individual.

**MÓDULO 6.- CONTROL E EXTINCIÓN DE INCENDIOS. (35 horas)**

Os Equipos de Protección Individual (EPI) e os equipos respiratorios (EPR, ERA, etc).

Control do tempo de uso dos equipos de protección e respiratorios.

A hidráulica no control e extinción de lumes.

O manexo de hidrantes, motobombas, mangueras e lanzas. Tendidos. Comprobación, uso e mantemento. Unións e racorados.

A extinción dos incendios urbanos e nos lumes industriais. A zonificación.

A extinción en lumes estruturais. O control da ventilación. Os lumes en interiores.

A extinción dos lumes en vehículos. Lumes en vehículos eléctricos, híbridos e novas tecnoloxías.

A extinción e control de lumes de vexetacións e de lumes forestais. As ferramentas, e os medios de protección. A localización, o traslado e as comunicacións. Tipos e comportamentos de lumes forestais.

As comunicacións de emerxencia. Os procedementos e protocolos de recepción, transmisión e rexistro de alarmas e avisos.

#### **MÓDULO 7.- LUMES E INTERVENCIÓNS CON PRESENZA DE RISCO ELÉCTRICO. (7 horas)**

As intervencións e os lumes con presenza da electricidade. As operacións e os procedementos segundo o R.D. 614/2001, de 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico.

Requisitos e medidas de seguridade para traballos en tensión, sen tensión, a supresión, a reposición, os traballos en proximidade e outros tipos de manobras.

Os traballos en emprazamentos con riscos de incendio ou de explosión.

As centrais e subestacións eléctricas. Os tendidos e infraestruturas de distribución eléctrica.

Os cadros eléctricos, os transformadores. Instalacións estacionarias de baterías. Instalacións fotovoltaicas. Instalacións de recarga eléctrica.

Medios de detección de electricidade. Distancias de seguridade. Materiais e equipos de illamento e de protección fronte ao perigo de descarga eléctrica.

#### **MÓDULO 8.- INTERVENCIÓNS EN EMERXENCIAS CON SUBSTANCIAS PERIGOSAS. (28 horas)**

Identificación e tipos de substancias perigosas, características, riscos potenciais e medidas de autoprotección fronte a incidentes con substancias perigosas.

Accidentes no transporte de mercadorías perigosas.

Os incendios con substancias perigosas involucradas.

As intervencións e traballos con presenza de atmosferas explosivas, fugas de gases inflamables ou tóxicos, ou con explosións. Os procedementos de traballo para atmosferas explosivas de conformidade co R.D. 681/2003. Os derrames de líquidos perigosos.

Funcionamiento, uso e mantemento básico dos equipos e ferramentas para estas intervencións.

Os niveis de protección química.

Suposto práctico de incidente con substancia perigosa. Uso de traxes de encapsulamento.

Operacións de control e mitigación de emerxencias do tipo NBQR.

Uso de instalacións de descontaminación química, biolóxica ou radiolóxica.

Emprego de equipos e materiais para a contención de fugas ou derrames.

Riscos do amoníaco. Tecnoloxías do hidróxeno e emerxencias relacionadas.

#### **MÓDULO 9.-CONDUCIÓN E USO DE VEHÍCULOS DOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN E SALVAMENTO. (28 horas)**

Os vehículos dos servizos de emerxencia. Tipos. Uso e condución segura. Normativa aplicable aos vehículos e en materia de prevención de riscos laborais para os equipos automotores.

Definición dos traballos e operacións cos vehículos. Usos, descrições e posibles aplicacións.

Os vehículos motobomba. Os vehículos de intervención en altura: o autobrazo, a autoescala,...

Perigos identificables: atropelos, envorco, atrapamentos, electrocución, etc.

Medidas preventivas específicas: nos accesos, normas na circulación, o posicionamento seguro, as regras da estabilidade, os dispositivos de protección, as distancias de seguridade e a sinalización.

As proteccións colectivas e individuais. Os medios auxiliares, os equipos e as ferramentas.

Normas de mantemento. Verificacións básicas. Manuais do fabricante.

Operacións con sistemas de elevación e cestas de salvamento.

Verificación, identificación e vixilancia do lugar de traballo e da súa contorna. Interferencia entre actividades.

Preparación e toma de contacto cos vehículos e os seus equipos. Prácticas de manexo.

Exercicios de estabilización en distintas superficies.

Traballos con perigos especiais (zanxas, proximidade a tendidos eléctricos, ...).

Movementos do equipo con carga e en baleiro.

Simulación de situacións de risco. Primeiros auxilios e medidas de emerxencia.

#### **MÓDULO 10.- INTERVENCIÓN EN FENÓMENOS NATURAIS, METEOROLÓXICOS E ANTRÓPICOS (28 horas)**

Actuacións en sucesos por riscos antrópicos ou por fenómenos naturais e meteorolóxicos adversos e extremos: vendavais, inundacións, riadas, terremotos, tormentas torrenciais, correntamentos do terreo, sepultamentos e outros.

Apoio á poboación, bens e medio ambiente en situacións de risco.

Uso de bombas para achiques.

Saneamentos de fachadas, edificacións e outros.

Intervencións en estruturas colapsadas total ou parcialmente ou con perigo de derrubamento. Emprego de equipos de corte.

Técnicas para planificación dos traballos.

O emprego seguro de motoserras.

A tala, a poda e o corte de ramas e troncos e a súa retirada.

#### **MÓDULO 11.- AS OPERACIÓNS PARA AS AXUDAS TÉCNICAS (21 horas)**

Comprobación e recarga de botellas de aire respirable.

Ferramentas manuais. Maquinaria-ferramenta: radiais e outros.

Equipos de corte en frío e quente.

Ferramentas pneumáticas. Coxíns de alta e baixa presión.

Apontoamento de emerxencia. Ferramentas.

Cortes de subministros.

Aperturas de portas e accesos.

#### **MÓDULO 12. OUTRAS INTERVENCIÓNS E TAREFAS (14 horas)**

Rescates en ascensores, elevadores ou maquinaria.

Actuación con persoas con enfermidade mental. Suicidas.

Rescate de animais.

As intervencións con avespas e abellas. Control e retirada de niños de velutinas.

Este curso será cualificado de cero a dez puntos, sendo necesario obter un mínimo de cinco puntos para superalo.

Esta cualificación establecerase en base ás puntuacións obtidas nos distintos exercicios e probas operativas, funcionais e de personalidade realizadas polo profesorado encargado de cada unha das materias. Estes elevarán estas cualificacións, a través da Xefatura do Servizo e ao tribunal Cualificador, acompañadas dos exames e documentación correspondente á materia impartida.

As persoas aspirantes que incorran en calquera das faltas que se establezan nas Normas da «Formación de Acolida de Bombeiros de Nova Incorporación» poderán ser sancionadas coa baixa no proceso selectivo ou a perda dos puntos que correspondan na cualificación final do curso, atendendo á gravidade da falta cometida.

Se algún aspirante causara baixa no curso sen que tivese transcorrido mais do 10% da duración total de horas lectivas, o Tribunal Cualificador poderá propor ao seguinte aspirante por orde de prelación, debendo superar o preceptivo recoñecemento médico e presentar a documentación esixida.

Igualmente, será causa de baixa inmediata na continuación do curso, e polo tanto no proceso selectivo, o ter un número de faltas de asistencia, independentemente da súa xustificación, que superen un 10% do período lectivo.

Durante o período de permanencia no curso de formación, os aspirantes percibirán, con cargo ó presuposto da corporación, as retribucións que a normativa vixente establece para os funcionarios en prácticas.

#### 10.2. Período en prácticas:

Trala realización do curso selectivo de formación e tendo superado o mesmo, realizarase un período de prácticas cunha duración mínima de un mes e máxima de dous.

Durante ditas prácticas levarase a cabo un período de adaptación, tutela e integración operativa. Para iso, a Xefatura do Servizo será a encargada de organizar un plan de incorporación progresiva ao servizo, incluíndo o sistema de rotación, réxime horario, plan de actividades, que coordinará cos mandos intermedios.

### DECIMA PRIMEIRA.- CUALIFICACION FINAL

11.1.- Coa puntuación individualizada resultante do curso selectivo de formación das persoas aspirantes declarados «aptas» no período de prácticas, procederá a determinar a cualificación final das persoas aspirantes no proceso selectivo.

Esta cualificación final obterase mediante suma ponderada das cualificacións finais obtidas na fase de oposición e no curso selectivo, correspondendo un 60% á fase de oposición e un 40% ao curso selectivo. En resumo, a cualificación final viría determinada por:

Fase oposición			Curso Selectivo e Prácticas	
60%			40%	
Primeiro Exercicio)	Segundo Exercicio)	Terceiro Exercicio	Curso Selectivo	Período en Prácticas
0-9 puntos	0-10 puntos	apto/non apto	0-10 puntos	apto/non apto

A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo realizarase de acordo con esta cualificación final, non podendo superar o proceso selectivo un número de persoas aspirantes superior ao de prazas convocadas.

No caso de que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de persoas aspirantes seleccionadas, o órgano convocante poderá requirir do tribunal de selección unha relación complementaria de aspirantes que sigan ás persoas propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira.

11.2.- Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos ás persoas aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame se deduza que carecen dos requisitos indicados nesta convocatoria.

O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas que non resulten cubertas á finalización do proceso selectivo por non ser superado polo número suficiente de persoas aspirantes.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo o desempate efectuarase segundo se sinala nas bases xerais (BOP núm. 187, do 30 de setembro de 2022).

11.3.- As persoas aspirantes que superasen todos os exercicios da fase de oposición, sen chegaren a obter praza serán incluídas na listaxe de agarda da bolsa de traballo, confeccionada de conformidade co que recolle o vixente Acordo regulador-Convenio colectivo, en concreto as normas de selección de persoal funcionario e laboral temporal. A orde da lista ten en conta nun 60% a puntuación do proceso selectivo e un 40% a da fase de concurso de méritos. Non obstante, para poder ser nomeadas persoas funcionarias interinas deberán superar un recoñecemento médico.

### DÉCIMA SEGUNDA. ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS ESIXIDOS

As persoas candidatas que sexan propostas polo tribunal para ocuparen as prazas convocadas deberán achegar, no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta do tribunal, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para cubrir as prazas convocadas, que serán os indicados nestas bases específicas e nas bases xerais.

A falta de presentación en prazo da documentación esixida será equivalente a unha renuncia.

### DÉCIMA TERCEIRA. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais informase ás persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal que faciliten serán incorporados a un ficheiro coa finalidade da selección de persoal e recoñéceselles a posibilidade de exercitaren gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Santiago de Compostela.

As persoas interesadas autorizan o Concello de Santiago de Compostela para tratar os seus datos nos termos anteriormente descritos así como para publicalos nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello. A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para tratar a información nos termos indicados.

#### **DÉCIMA CUARTA. IMPUGNACIÓN**

A convocatoria e as súas bases específicas, así como cantos actos administrativos delas se deriven, poderán ser impugnadas polas persoas nos casos e na forma previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

**ANEXO I - CONTIDOS CERTIFICADO MÉDICO**

O certificado médico necesario para poder participar no SEGUNDO EXERCICIO da fase de oposición deberá axustarse ao seguinte modelo:

«O interesado (Nome, Apelidos, DNI) reúne as condicións precisas para realizar as probas físicas indicadas no segundo exercicio da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso no Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Santiago, Escala Operativa, Categoría de Bombeiro-Conducutor especialista»

O devandito certificado soamente será válido se:

- Foi expedido por un facultativo colexiado en exercicio activo, indicando o seu nome, apelidos, DNI e número de colexiado.
- Contén a data de expedición con lugar e día/mes/ano.
- Contén a sinatura do facultativo.

**ANEXO II - MODELO AUTORIZACIÓN REALIZACIÓN DE PRBAS MÉDICAS**

APELIDOS E NOME: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_ IDADE: \_\_\_\_\_

Autorizo a que me efectúen as exploracións médicas necesarias, ademais da extracción de sangue e analítica de ouriños cos parámetros seguidamente relacionados, a fin de dar cumprimento ao establecido na base novena. das bases específicas que rexen o proceso selectivo da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura pola quenda libre de nove (9) prazas de bombeiro condutor especialista do S.E.I.S, correspondentes á Oferta de emprego do Concello do ano 2025.

**ANÁLISE DE SANGUE:**

Hemograma completo, Fórmula leucocitaria, Glicosa, Colesterol Total, HDL Colesterol, Triglicéridos, Urea, Creatinina, Acedo Úrico, Bilirrubina Total, GOT, (AST), GPT, (ALT), Gamma Glutamyl Transpeptidasa (CXT), Fosfatasa Alcalina, Hierro. En caso de dar elevada a taxa de Transaminasas, efectuarase a determinación do Anti HBc e da Ag HBs.

**ANÁLISE DE OURIÑOS:**

Densidade, pH, Anormais.

Detección de Drogas: Opiáceos, Cannabis, Metabolitos de Cocaína. Sedimento: Análise citolóxica.

Ao mesmo tempo declaro que me estou administrando a seguinte medicación

(INDICAR NOME COMERCIAL OU COMPOSICIÓN): \_\_\_\_\_

De igual forma, DOU O meu CONSENTIMENTO para que sexa enviado o contido completo do recoñecemento médico ao Servizo de Saúde Laboral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela

En caso de detectarse anomalías, autorizo a realizar as investigacións e probas necesarias, para diagnosticar se a patoloxía detectada está contemplada no cadro de exclusións previstas nas bases da convocatoria.

E para que así conste asino presenta a autorización:

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asinado:

**ANEXO III - TEMARIO****BOMBEIRO/A CONDUTOR/A ESPECIALISTA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL - SUBGRUPO C1****PARTE COMÚN:**

Tema 1.A Constitución Española. Os dereitos e deberes fundamentais. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno.

Tema 2. O réxime local español: principios constitucionais. As entidades locais. O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e servizos municipais do Concello de Santiago de Compostela.

Tema 3.-O persoal ao servizo das Administracións Públicas. Clases de persoal.. Dereitos e deberes do persoal empregado público: código de conduta. Xornada de traballo, permisos, licenzas e vacacións. Dereitos económicos e protección social.

Tema 4.-Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: principios. Estrutura. Fases do procedemento administrativo. A revisión dos actos administrativos: os recursos.

Tema 5.-Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. As condicións de emprego en igualdade na Administración pública galega.

Tema 6. Estatuto de Autonomía de Galicia: As institucións da Comunidade Autónoma: O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. Das competencias de Galicia.

Tema 7.Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais. Recursos das facendas locais: Enumeración. Taxas. Prezos Públicos. Os orzamentos: Contido e aprobación.

Tema 8.Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Transparencia da actividade pública: Ámbito subxectivo de aplicación. Dereito de acceso á información pública: Réxime xeral. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Disposicións xerais. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas.

**PARTE ESPECÍFICA****Tema 1. COÑECEMENTO DO MUNICIPIO.**

Coñecemento do municipio: termo municipal, poboación, centro urbano, barrios, parroquias, rural, principais eixos viarios e edificios singulares (edificios históricos de interese cultural, hospitais, universidades, edificios de gran altura, etc.). Principais áreas industriais e comerciais. Rede de estradas e rede ferroviaria. Aeroportos. Ríos e encoros. Principais accidentes xeográficos. Principais rutas a seguir desde o Parque de bombeiros até calquera punto do municipio.

O tribunal empregará, preferentemente, a información que figura na páxina <http://xeoportalsantiago.compostela.gal/xeoportalsantiago/>; sen prexuízo de que poida empregar outra documentación oficial.

**Tema 2. CONCEPTOS BÁSICOS DE FÍSICA.**

Medición de magnitudes físicas: magnitude, cantidade e unidade. Magnitudes escalares e vectoriais. Sistema Internacional de Unidades. Magnitudes físicas fundamentais e derivadas no SI. Conversión de unidades: Outros sistemas de unidades. Notación científica. Múltiplos e submúltiplos. Prefixos e valores. Cinemática: Posición, desprazamento, espazo, velocidades, aceleracións no plano. Leis fundamentais da mecánica., leis de Newton e Principio de conservación da enerxía. Traballo, Potencia e Enerxía. Máquinas simples: panca, poleas fixas, móbiles, combinación de poleas e tornos. Concepto de vantaxe mecánica. Estados de agregación da materia. Cambios de estado. Concepto de temperatura e de calor. Calor específica. Densidade. Escalas de temperatura. Cero absoluto: límite físico. Transmisión da calor: conduction, convección e radiación. Comportamento de sólidos, líquidos e gases ante calor.

**Tema 3. CONCEPTOS BÁSICOS DE QUÍMICA.**

Materia. Estrutura da materia. Átomo. Estrutura do átomo. Numero másico. Numero atómico. Masa atómica. Isótopos. Catiós e aniós. Elemento Químico. Molécula. Sustancias simples e compostos químicos. Mesturas e disolucións. Peso atómico e molecular. Cantidade de sustancia: o mol. Numero de Avogadro. Reaccións químicas. Produtos e reactivos. Lei de conservación da masa. Lei das proporcións definidas. Lei das proporcións múltiples. Reaccións reversibles e irreversibles. Equilibrio químico. Calor de reacción: reaccións exotérmicas e endotérmicas. Enerxía de activación. Velocidade de reacción. Factores que inflúen na velocidade de reacción. Sustancias ácidas e básicas. Neutralización. Concepto de pH.

**Tema 4. CONCEPTOS BÁSICOS DE MATEMÁTICAS.**

Suma. Diferenza. Produto. Cociente. Potencias. Raíz cadrada. Operacións combinadas. Múltiplos. Divisores. Criterios de divisibilidade. Números primos. Factorización. Máximo común divisor. Mínimo común múltiplo. Proporción: Magnitudes

directamente proporcionais. Magnitudes inversamente proporcionais. Regra de tres simple e directa. Regra de tres simple inversa. Porcentaxes. Ecuacións de primeiro grao. Monomios. Ecuacións de segundo grao. Polinomios. Triángulos. Teorema do cateto. Teorema da altura. Teorema de Pitágoras. Semellanza de triángulos. Teorema de Thales. Áreas e volumes dos corpos xeométricos: cubo, prisma, pirámide, tronco de pirámide, tetraedro, cilindro, cono, tronco de cono, esfera, casquete esférico.

#### Tema 5. COMUNICACIÓNS, TRANSMISIÓNS E OFIMÁTICA

Fundamentos básicos das radiocomunicacións. Nocións sobre frecuencia e lonxitude de onda. O radioteléfono. Características da súa operatividade. Elementos básicos. Normas de uso e disciplina de radio. Coñecementos dos equipos fixos, móbiles e portátiles. Estación base e estación móbil. Repetidores. Sistemas de radiocomunicación. Características básicas e principio de funcionamento: Rede PMR simplex, semidúplex e dúplex. Sistema trunking dixital (TETRA) de radio e sistema de posicionamento global (GPS). Sistema DMR dixital. Coñecementos ofimáticos de tratamento de textos, de base de datos e de follas de calculo a nivel de usuario.

#### Tema 6. SOCORRISMO E PRIMEIROS AUXILIOS.

Socorrismo: concepto e principios xerais do socorrismo. Fracturas, feridas, traumatismos, hemorrxias, shock, queimaduras e lesións por frío e calor, síndrome de esmagamento ou compresión, intoxicacións, electrocucións.

#### Tema 7. SOPORTE VITAL BÁSICO.

SopORTE vital básico. Reanimación cardiopulmonar básica. Protocolo de actuación. Recomendacións ERC (European Resuscitation Council) vixentes. Sistemas de recollida e transporte de accidentados. Técnicas de inmovilización, posicións de seguridade, espera e transporte.

#### Tema 8. RESCATE EN ACCIDENTES DE TRÁFICO.

Tipos de accidentes e lesións máis frecuentes. Tipos de vehículos. Fontes de enerxía motriz. Elementos de seguridade nos vehículos. Conceptos de seguridade activa, pasiva e terciaria. A intervención en accidentes de tráfico. Riscos e seguridade na intervención. Competencias e coordinación dos distintos servizos de emerxencia. Fases da intervención. Repartición de tarefas. Técnicas de intervención. Localización de vehículos de intervención e técnicas de zonificación. Técnicas de aseguramento da zona de traballo. Técnicas de estabilización do vehículo. Técnicas de abordaxe/excarceración. Técnicas de extracción de vítimas. Manobra de Rautek.

#### Tema 9. RESCATE EN ASCENSORES.

Tipos de ascensores. Partes comúns dun ascensor. Regulamentación de aparellos de elevación e manutención. Técnicas de intervención. Rescate en ascensores.

#### Tema 10. RESCATE EN RÍOS, RIADAS E INUNDACIÓNS.

Material e equipo: material individual e embarcacións. Técnicas de intervención. Medidas de seguridade. Técnicas de rescate acuático. Técnicas de cruzamento de ríos e liñas. Técnicas de xestión da poboación en inundacións. Técnicas de control das augas. Técnicas de comunicación. Outras técnicas non específicas: consolidación estrutural: apontoamento e balizamento; corte de subministracións ou accesibilidade e despexe das vías de comunicación.

#### Tema 11. RESCATE EN ALTURA.

Novos requirimentos do urbanismo actual. Lexislación e regulacións. Características das contornas de traballo vertical. Principios básicos do traballo en altura. Retención. Suxeición. Distancia para a detención da caída e altura libre necesaria. A cadea de seguridade. A corda no rescate. Características da corda. Clases de corda. Revisión e mantemento das cordas. Os sistemas de ancoraxe de Seguridade (SAS). Localización das ancoraxes. Tipos de puntos de ancoraxe do SAS. Reenvíos e desviadores. Técnicas de intervención.

#### Tema 12. APERTURAS FORZADAS.

Portas. Fechaduras. Deseño (fechadura de pines). Tipos de fechadura. Xanelas. Tipos de xanelas. Tipos de fechadura de xanela. Tipos de vidro. Persianas. Reixas de protección. Peches metálicos. Técnicas de intervención. Medidas de seguridade. Técnicas de apertura de portas (fechadura). Valoración previa á entrada forzada. Tácticas de intervención.

#### Tema 13. TEORÍA DO LUME.

Natureza do lume. O triángulo do lume: combustible, comburente e enerxía de activación. O tetraedro do lume. Elementos para a continuidade do lume: reacción en cadea. Química do Lume. Teoría da Combustión. Tipos de combustións. Clasificación dos lumes segundo norma UNE. Influencia da electricidade. Produtos da combustión: gases, fumes, calor, chama. Análise dos factores de incendio. Combustible: tipos e clasificación de combustibles. Poder Calorífico. Comburente. Relación combustible comburente. Osíxeno mínimo para a combustión. Combustión rica e combustión pobre. Enerxía de activación: tipos de focos e valores de referencia.

#### Tema 14. TEORÍA DO LUME II.

Parámetros característicos: temperatura de vaporización, temperatura de ebulición, temperatura de inflamación ou punto de escintileo (flash-point), temperatura de encendido ou punto de ignición (fire-point), temperatura de autoencendido ou punto de autoignición (autoignition-point). Rango de inflamabilidade. Límite inferior de inflamabilidade e límite superior de inflamabilidade. Influencia da temperatura. Deflagracións e detonacións. Carga térmica, propagación e evolución térmica dun incendio: curvas normalizadas de incendio. Fenómenos físico-químicos asociados a incendios en interiores: FlashOver. Backdraft, RollOver, BoilOver. Fenómeno BLEVE.

#### Tema 15. HIDRÁULICA PARA BOMBEIROS.

Propiedades dos fluídos incompresibles: concepto, densidade, densidade relativa, peso específico, volume específico, tensión superficial e presión. Análise de propiedades da auga como fluído. Hidrostática. Presión hidrostática. Principio de Arquímedes. Principio de Pascal e prensa hidráulica. Vasos comunicantes. Presión Atmosférica. Unidades de presión. Hidrodinámica. Concepto de caudal. Ecuación de continuidade. Teorema de Bernoulli. Réxime laminar e turbulento. Rozamento e perda de carga.

#### Tema 16. HIDRÁULICA PARA BOMBEIROS II

Viscosidade. Bombas centrifugas instaladas en camións de bombeiros. Principio de funcionamento. Curva característica dunha bomba centrifuga. Funcionamento en serie e en paralelo. Problemas na aspiración: cebado dunha bomba. Cavitación. Golpe de ariete.

#### Tema 17. INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS.

Mecanismos de extinción de incendios. Axentes Extintores: tipos, características, propiedades e mecanismos de extinción. Instalacións de protección contra incendios. Sistemas de protección activa: extintores portátiles, bocas de incendio equipadas, columna seca, hidrantes exteriores, sistemas de detección e alarma, sistemas automáticos de extinción e sistemas de control do fume de incendio. Protección pasiva ou estrutural: Compartimentación e sectores de incendio.

#### Tema 18. INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS II.

Regulación normativa: Regulamento de instalacións de protección contra incendios. Dotación xeral de extintores portátiles, bocas de incendio e hidrantes exteriores segundo Código Técnico da Edificación: DB SI-4 Instalacións de protección contra incendios. Dotación de columna seca segundo o uso DB SI-4.

#### Tema 19. ELECTRICIDADE PARA O BOMBEIRO.

A enerxía eléctrica e as súas instalacións, seguridade na intervención de bombeiros con risco eléctrico. Conceptos xerais de: Instalacións eléctricas nunha vivenda, instalacións eléctricas de alta e media tensión, riscos específicos das catenarias ferroviarias.

Ascensores: normas de seguridade nos rescates dos ascensores, tipos de ascensores.

#### Tema 20. EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI).

Equipos de protección individual (EPI). Definición. Normativa. Normalización. Clasificación dos EPI. Elección e uso do EPI. EPI na uniformidade do bombeiro e vestiario. Equipos e vestiario. Cascos. Lentes de seguridade. Protectores auditivos. Traxes. Luvas. Botas. Vestiario e equipo habitual no parque de Bombeiros.

#### Tema 21. PROTECCIÓN RESPIRATORIA.

Perigos respiratorios: tipos e descrición. Atmosfera e toxicidade do incendio. Propiedades dalgúns gases de combustión nocivos: CO, CO<sub>2</sub>, H<sub>2</sub>S, NO<sub>x</sub>, HCN, HCl, fosxeno, amoníaco e acroleína. Detección e análise de gases. Sistemas detectores de gases combustibles. Equipos de protección individual das vías respiratorias. Características xerais dos equipos de protección respiratoria. Definición. Riscos indicados para o uso de protección respiratoria. Equipos de protección respiratoria. Equipos e ferramentas de protección respiratoria. Máscara. ERA (Equipo de Respiración Autónomo). Compresor de aire. Carapucha de rescate. Máscara. Funcionamento e compoñentes dos equipos autónomos de protección respiratoria de circuíto aberto e de circuíto pechado. Normas básicas de uso e actuación con ERAS. Cálculo do consumo de aire: Autonomía e consumos de referencia. Propiedades dos gases. Concepto de gas ideal. Reposta á presión: lei de Boyle-Mariotte. Resposta á temperatura: lei de Gai-Lussac. Reposta á cantidade de sustancia: Hipótese de Avogadro. Ecuación de estado do gas ideal. Compresibilidade. Concepto de presión parcial. Lei de Dalton.

#### Tema 22. MATERIAS PERIGOSAS.

Os Servizos de Bombeiros e o Medio ambiente. Acordo Europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas (ADR). Conceptos básicos de materias perigosas. Concepto. Clasificación. Identificación: etiquetas e panel laranxa. Marcado e etiquetaxe de vultos, etiquetaxe mediante placas-etiqueta e paneis laranxa dos colectores, cisternas e vehículos.

Carta de porte. Instrucións escritas. Fichas de intervención. PLANTRANSGAL: Obxecto e ámbito de aplicación. Clasificación da situación de emerxencia: Niveis. Gravidade da emerxencia: Tipo de accidente. Zonificación. Descontaminación.

#### Tema 23. EQUIPOS DE FORZA, ELEVACIÓN, TRACCIÓN, CORTE, SEPARACIÓN E EXCARCERACIÓN.

Equipos de forza: xeradores fixos, remolcables, transportables, motores hidráulicos. Equipos de elevación e tracción. Equipos hidráulicos de rescate: bombas, mangueras, cizallas, separadores, multiusos, cilindros, cortapedais. Outra ferramenta: Amoladora, equipo de oxicorte, equipo de plasma, equipo de corte de formigón, serra de sable, motoserras, estabilizadores e cuñas.

#### Tema 24. CONSTRUCCIÓN BÁSICA E INSTALACIÓN XERAIS DUN EDIFICIO.

Construcción básica. Reacción e resistencia ao lume. Nocións simples de prevención en edificación. Elementos estruturais dun edificio: cimentacións, alicerces, vigas, vigas mestras, forxados, armazóns, muros de carga e cuberta. Elementos non estruturais: Elementos de compartimentación e elementos divisorios: Muros de compartimentación, muros de cerramento: muros de pantalla, fachadas, medianeiras, patios de luces. Elementos de comunicación vertical: escaleiras, patios de luces, patinillos, shunts e montacargas. Materiais estruturais: aceiro, formigón e madeira. Instalacións de servizos xerais: auga, electricidade, gas, calefacción, climatización, cuarto de ascensores. Código Técnico da Edificación: DB SI-5.

#### Tema 25. ESTRUTURAS COLAPSADAS.

Antecedentes. Derrubes. Desenvolvemento xeral das intervencións en estruturas colapsadas. Sistemas de localización e procura de persoas atrapadas. Triaxe: avaliación estrutural da área afectada. Sistemas básicos de traslado das vítimas. Técnicas de intervención. Equipos materiais. Técnicas de rescate.

#### Tema 26. COÑECEMENTOS BÁSICOS DE OFICIOS.

Coñecementos básicos de carpintaría: útiles e ferramentas, despece, montaxe, manipulado e mecanizado da madeira, elementos de fixación e ferraxaría, encofrados e apeos. Coñecementos básicos de electricidade e electrónica: útiles e ferramentas, instalacións, cadros, acometidas e tendidos de liñas, aparellos de control e medida, interpretación de esquemas, máquinas eléctricas. Coñecementos básicos de fontanaría: útiles e ferramentas, instalacións de fontanaría e saneamento, sistemas e elementos de control de fluídos, redes públicas de auga, acometidas. Coñecementos básicos de albanelaría: Útiles e ferramentas, construción de ladrillo e formigón, morteiros, interpretación de planos.

#### Tema 27. VEHÍCULOS CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO.

Vehículos contra incendios e de salvamento. Clasificación e características comúns; Autobombas urbanas, autobombas rurais, autobombas forestais, autobombas nodriza, vehículos con material de salvamento, autoescalas, autobrazos. Estrutura: bastidor, cabina, carrozado. Motores de combustión diésel. Descrición e elementos que os constitúen. Funcionamento. Motores de dous tempos. Constitución, funcionamento e comparación cos de catro tempos. Lei de Seguridade viaria aplicada aos vehículos de emerxencias.

#### Tema 28. INCENDIOS FORESTAIS.

Conceptos xerais de incendios forestais: concepto, causas, partes do incendio, formas de propagación, modelos de combustible, tipos de lumes forestais. Factores que afectan á propagación do incendio forestal: vexetación, topografía, meteoroloxía. Ferramentas para a extinción de incendios forestais. Plan PEIFOGA: Obxecto e ámbito de aplicación. Situacións de gravidade. Épocas de perigo. Director de Extinción. Principais recursos forestais e accidentes xeográficos no termo municipal de Santiago.

#### Tema 29. APEO E PODA DE ARBOLEDO.

Competencias. Desenvolvemento da intervención. Tipoloxía de intervencións. Apeo. Poda. Árbores caídas. Roza con motoserra. Coñecementos teóricos básicos. Técnicas de intervención.

#### Tema 30. PREVENCIÓN E NORMATIVA.

Lei de Prevención de Riscos Laborais. A súa aplicación no ámbito dos servizos de extinción de incendios e salvamento. Danos derivados do traballo, concepto de accidente de traballo, enfermidade profesional, prevención da enfermidade. Código técnico da edificación: Obxecto e ámbito de aplicación. Locais e zonas de risco especial. Anexo A do Documento básico sobre seguridade en caso de incendio do CTE. Regulamento de seguridade contra incendios en establecementos industriais: Obxecto e ámbito de aplicación.

#### Tema 31. LEIS DE EMERXENCIAS.

Lei do Sistema Nacional de Protección Civil. Obxecto. Definicións. Sistema Nacional. Planificación. Resposta ás emerxencias. A Norma Básica de Protección Civil: Obxecto, plans territoriais e plans especiais. Plan PLATERGA Lei de emerxencias de Galicia: Obxectivo e alcance. Niveis de gravidade. Activación de plans. Relación de plans de emerxencia de

protección civil da Comunidade de Galicia. Obxecto e ámbito de aplicación. Plan de emerxencias municipal do Concello de Santiago de Compostela (PEMU).

#### Tema 32. SIMULACROS.

Obxectivos. Características. Utilidade do simulacro nos preparativos e resposta. Condicións necesarias para desenvolver un simulacro. Tipos de simulacros. Estrutura organizativa para a realización de simulacros. Proceso de preparación do simulacro. Ficha técnica para simulacros. Verificación de condicións necesarias para preparar un simulacro. Designación da estrutura organizativa para simulacros. Asignación de roles para simulacros. Cronograma para a preparación de simulacros. Desenvolvemento da trama/lista mestra de eventos. Lista de verificación de actividades antes do simulacro. Formulario de avaliación para o simulacro. Ferramenta para a avaliación

**ANEXO IV - PROBAS APTITUDES FISICAS E FÍSICASPRÁCTICAS**

O segundo exercicio constará das seguintes probas:

Proba 1. Dominadas en barra horizontal. Puntuación por repeticións.

Proba 2. Velocidade 200 metros. Puntuación por tempo.

Proba 3. Resistencia 2000 metros. Puntuación por tempo.

Proba 4. Natación con mergullo 100 metros. Puntuación por tempo.

Probas físico – práctica:

Proba 5. Subir e baixar unha auto escada de 30 m. Puntuación Apto/Non apto

Proba 6. Encher de area cunha pá un caixón de madeira. Puntuación por tempo.

**Proba 1.- Dominadas en barra horizontal.**

Flexións de cóbado para medir a potencia dos músculos dorsais.

Disposición: Suspendido nunha barra horizontal, co agarre de mans un pouco máis aberto que a anchura dos ombreiros, coas palmas cara adiante.

Posición inicial: Flexión ombreiro (180°). Extensión do cóbado.

Posición final: Abducción de ombreiros. Flexión do cóbado.

Execución: Contaranse o número de esforzos en flexión ou número de veces que pase o queixo sobre o bordo lateral da barra na súa parte superior cun límite máximo de tempo de 2 minutos.

Medición: Non se iniciará ningunha flexión ata que o/a monitor/a dea a indicación coa voz de “xa”, acompañada dun sinal coas súas mans nas costas da persoa opositora. O/A monitor/a irá contando en voz alta as flexións válidas que o opositor vaia executando durante o tempo de 2 minutos. Un parapeto será colocado fronte á persoa aspirante para evitar unha excesiva axuda oscilante. A distanciado parapeto será de 35 cm., medida interna do traveseiro onde a persoa aspirante realiza o agarre. Se o/a opositor/a toca o parapeto, non contará esa flexión. A cualificación desta proba será:

- 27 dominadas: 5 puntos
- 28 dominadas: 5,5 puntos
- 29 dominadas: 6 puntos
- 30 dominadas: 6,5 puntos
- 31 dominadas: 7 puntos
- 32 dominadas: 7,5 puntos
- 33 dominadas: 8 puntos
- 34 dominadas: 8,5 puntos
- 35 dominadas: 9 puntos
- 36 dominadas: 9,5 puntos
- 37 dominadas: 10 puntos

Intentos: a persoa aspirante terá dous intentos, cando no primeiro intento non alcance as 16 dominadas, se fai 16 ou máis so terá un intento; cada intento rematará no momento no que a persoa aspirante se descolgue.

Invalidacións: Serán invalidadas as flexións

- Que non se inicien coa extensión total dos brazos, como en posición de arrancada.
- Tocar o parapeto
- Que o queixo non exceda o plano horizontal que forman os dous traveseiros da parte superior da barra.
- Que se inicie sen respectar a indicación nin orde do Monitor..

**Proba 2.- Carreira de 200 metros.**

Carreira de velocidade. Percorrer a distancia de 200 metros lisos en pista e sen saírse das rúas, nun tempo máximo de 28,00 segundos.

Disposición: Cada aspirante na pista asignada e por detrás da liña de saída.

Execución: A persoa aspirante, á voz de «aos seus postos», colocárase na liña de saída sen sobrepasala. Á voz de «listos», inclinará o tronco cara adiante e flexionará a perna adiantada. Á voz de «xa», asubío ou disparo de pistola de atletismo, sairá impulsado ao máximo. A saída pódese realizar de pé ou agachados, sen tacos de saída. Empregarase calzado deportivo, admitíndose o uso de zapatillas de cravos.

Medición: O cronómetro porase en marcha coa sinal de saída, e párase á chegada de cada aspirante á meta, podendo valerse dos medios de control de tempos habituais en atletismo (foto finish).

Intentos: Dous intentos, só no caso que no primeiro intento quede eliminado.

Invalidacións: De acordo co Regulamento Internacional da IA Puntuación:

#### MARCA PUNTUACIÓN

tempo superior a 28,0" Eliminado

de 27,51" a 28,00" 5 puntos

de 27,01" a 27,50" 5,5 puntos

de 26,51" a 27,00" 6 puntos

de 26,01" a 26,50" 6,5 puntos

de 25,51" a 26,00" 7 puntos

de 25,01" a 25,50" 7,5 puntos

de 24,51" a 25,00" 8 puntos

de 24,01" a 24,50" 8,5 puntos

de 23,51" a 24,00" 9 puntos

de 23,01" a 23,50" 9,5 puntos

igual ou inferior a 23,0" 10 puntos.

#### **Proba 3. - Proba de fondo. 2.000 metros lisos.**

Percorrer unha distancia de 2.000 metros nunha pista de atletismo de 400 metros de corda.

Disposición: De pé por detrás da liña de saída, sen asignación de pista.

Execución: As persoas aspirantes, á voz de «aos seus postos», colocárase na liña de saída sen sobrepasala. Á voz de «listos», preparárase para a orde de saída. Á voz de «xa», asubío ou disparo de pistola de atletismo, comezarán a carreira. Empregarase calzado deportivo, admitíndose o uso de zapatillas de cravos.

Medición: O cronómetro porase en marcha coa sinal de saída, e parárase á chegada de cada aspirante á meta, podendo valerse dos medios de control de tempos habituais en atletismo (foto finish).

Intentos: Un só intento.

Invalidacións: De acordo co Regulamento Internacional da IA Puntuación:

#### MARCA PUNTUACIÓN

tempo superior a 7'10" Eliminado

de 7'05,01" a 7'10,00" 5 puntos

de 7'00,01" a 7'05,00" 5,5 puntos

de 6'55,01" a 7'00,00" 6 puntos

de 6'50,01" a 6'55,00" 6,5 puntos

de 6'45,01" a 6'50,00" 7 puntos

de 6'40,01" a 6'45,00" 7,5 puntos

de 6'35,01" a 6'40,00" 8 puntos

de 6'30,01" a 6'35,00" 8,5 puntos

de 6'25,01" a 6'30,00" 9 puntos

de 6'20,01" a 6'25,00" 9,5 puntos


igual ou inferior a 6'20,00" 10 puntos

**Proba 4.- Natación con mergullo 100 metros.**


Descrición: O exercicio consiste en nadar e mergullarse, nunha distancia de 100 metros, nunha piscina de 25 metros distribuídos nos seguintes percorridos:

siguientes recorridos:


(A) 25 metros de natación en estilo libre.




(B) 25 metros de natación en estado libre.




(C) 15 metros de buceo hasta recuperar el objeto/anilla colocada en el fondo de la piscina.



(D) Salida a la superficie para nadar la distancia restante hasta el borde, depositando el objeto/anilla en el mismo.



(E) 25 metros en estilo libre.



Posición inicial: De pé no bordo da piscina na zona de saída, con bañador e gorro de baño (permítese o uso de lentes de natación).

Execución: A persoa aspirante situarase ao bordo da piscina á voz de aviso («aos seus postos»); o sinal de saída daraa o/a Xuíz/a á voz de «xa», ou mediante un asubío, entón a persoa aspirante lanzarase á piscina iniciando o percorrido A, e seguidamente sen interrupción o B, C, D e E, finalizando o exercicio cando toca con calquera parte do corpo a parede vertical do vaso da piscina en zona de meta, ao final do último percorrido E.

**Reglas:**

A persoa aspirante terá un só intento para a execución desta proba.

O cronómetro pon en marcha ao sinal de saída cando o/a Xuíz/a dá a voz de «xa» ou mediante un asubío e detense cando a persoa aspirante toca a parede ao final do último percorrido E.

En todo momento a persoa aspirante manterase pola rúa asignada e delimitada polas corcheras; pode impulsarse na parede coas pernas ao final dos percorridos A, B, e D. No percorrido C, a impulsión coas pernas poderá facerse dende o chan da piscina.

Os percorridos A, B, D e E, considéranse realizados sempre que a persoa aspirante toca a parede con calquera parte do seu corpo.

A persoa aspirante deberá depositar o obxecto/argola onde sinale o Tribunal no bordo da piscina, no final do tramo D, despois de tocar a parede con calquera parte do corpo e para iso poderá apoiarse ou suxeitarse libremente no bordo.

Invalidacións: O exercicio será nulo cando:

- a) A persoa aspirante para finalizar o exercicio, camiñe polo fondo ou se axude nas corcheras, estimándose que non finalizou a mesma.
- b) Cambie de rúa.
- c) Saia á superficie da auga na zona de mergullo.
- d) Realice o exercicio nun tempo superior á marca establecida.
- e) Efectúe dúas saídas falsas, entendendo por saída falsa lanzarse á piscina antes da voz da orde de saída («xa» ou asubío).
- f) Non deposite correctamente o obxecto/argola.

Puntuación: anótase o tempo invertido en minutos e segundos, tendo en conta as fraccións de segundo.

TEMPO	PUNTUACION
Máis ou igual a 1'30"	eliminado
Entre 1'23 e 1'29"	5 puntos
Entre 1'19" e 1'22"	6 puntos
Entre 1'15" e 1'18"	7 puntos
Entre 1'11" e 1'14"	8 puntos
Entre 1'07" e 1'10"	9 puntos
1'06" ou menos	10 puntos

#### Probos de aptitude físico-práctico. Estas probas teñen por obxecto:

Proba 5: Acreditar a tolerancia ao traballo en altura (vertixe e equilibrio).

Proba 6: Acreditar a capacidade de traballo e xestión do esforzo na realización dunha tarefa manual.

Con independencia de que cada aspirante poida dispoñer do seu propio equipo de protección, para as devanditas probas prácticas; facilitaranse os equipos de protección individual necesarios, excepto o calzado de seguridade que deberá traer cada aspirante.

Na execución destas probas será de obrigado cumprimento a normativa en materia de prevención de riscos para este tipo de actividades.

O prazo máximo de alegacións será de 5 días hábiles.

#### Proba 5

Subir e baixar unha auto escada de 30 m. de lonxitude cunha inclinación de 65°, nun tempo máximo de 2 minutos e 15 segundos.

Execución: As persoas aspirantes, debidamente aseguradas, realizarán a subida da auto escada de 30 metros, desde o primeiro chanzo da mesma, ata o final da auto escada, chegando polo menos cunha das mans ó sinal indicado ao final da mesma (que poderá ser visual ou acústica), e comezará o descenso. A posición de subida e de baixada será coa cara enfrontada aos chanzos.

Medición: Será manual con cronómetro, que se porá en funcionamento ao sinal de comezo da proba e se deterá cando o aspirante remate o descenso.

Intentos: Un só intento

Invalidacións: Non se permitirá outra posición que a sinalada na execución

Puntuación: A proba será apto ou non apto

#### Proba 6

Consistirá en encher de area cunha pá un caixón de madeira de medio metro cúbico nun tempo máximo de dous minutos e cinco segundos.

Execución: A persoa aspirante situarase entre un montón de area suficiente e un caixón de medio metro cúbico de capacidade, separados entre si unha distancia aproximada de 1 metro. Á voz de xa, comezará a transvasar area da morea ao caixón, ata o momento en que considere que o caixón está completo, dando sinal de que rematou para parar o cronómetro. O tribunal enrasará a area e comprobará que esta cubre a totalidade do volume.

Medición: Será manual con cronómetro, que se porá en funcionamento ao sinal de comezo da proba e se deterá cando o aspirante dea o sinal de rematado.

Intentos: Un só intento

Invalidacións: Non cubrir a totalidade do volume do caixón unha vez enrasado polo tribunal.

Puntuación: Puntuarase de acordo ao seguinte baremo:

#### MARCA PUNTUACIÓN

tempo igual ou superior a 2' 05,01" Eliminado

de 1' 58,01" a 2' 05,00" 5 puntos

de 1' 51,01" a 1' 58,00" 6 puntos

de 1' 43,01" a 1' 51,00" 7 puntos

de 1' 35,01" a 1' 43,00" 8 puntos

de 1' 28,01" a 1' 35,00" 9 puntos

igual ou inferior a 1' 28" 10 puntos

## ANEXO V - PERFIL PSICOLÓXICO PARA O EXAME PSICOTÉCNICO

Tendo en conta as funcións que debe realiza-lo servizo de extinción de incendios, os test irán dirixidos a excluír ós/ás aspirantes con anomalías respecto ó perfil psicolóxico que debe reunir o persoal do servizo, e que se traducen nas seguintes:

9. Desviación psicopática: refírese á incapacidade de aproveitamento das experiencias vividas e á desconsideración cara ás normas sociais. Aparentemente esta anomalía non se pode detectar sen un estudio psicolóxico, xa que as persoas con esta tendencia se mostran agradables e intelixentes e só se descubren a simple vista cando se atopan en serias dificultades, por iso débense utilizar instrumentos sociométricos para a súa detección.

10. Esquizofrenia: refírese á separación que presentan algunhas persoas entre a vida subxectiva e a realidade, por tanto presentan de forma irracional cambios de estado de ánimo e de conduta.

11. Paranoia: refírese á aparición de delirios de persecución, susceptibilidade ou sospeita, hipersensibilidade con ou en egotismo expansivo (demasiada importancia da propia persoa e un afán desmedido en falar de si mesmo). Os suxeitos que padecen a dita anormalidade dan a impresión de ser normais cando están en garda, pero pódense converter rapidamente en litigantes ou vingativos contra calquera que dea mostras de querer controlalos.

12. Psicastenia: refírese a un tipo de conduta, tanto explícita como implícita, causada por fobias que inclúen todo tipo de temores ilóxicos (obxectos ou situacións) que poden provocar reaccións extremas a estímulos correntes.

13. Hipomanía: refírese a unha alteración cunha marcada superprodutividade de pensamento e accións. As actividades das persoas que padecen esta anomalía poden estorbar ós demais, xa que prestan moi pouca atención ós principios sociais establecidos, mostrando graves dificultades coa lei e os seus representantes.

14. Depresión: refírese á tendencia a mostrar unha falta de confianza en si mesmo, tendencia a preocuparse, poucos intereses e introversión cando se atopa ante unha situación crítica.

15. Histeria: refírese á propensión a sufrir ataques esporádicos de debilidade, desmaio, ou convulsións epileptoides, que se desencadean ante calquera situación de tensión.

16. Hipocondriase: refírese á inmadurez ante a forma de enfrontamento ós problemas, con tendencia a non atopar solucións adecuadas.

Así mesmo, valoraranse positivamente no test os factores determinantes da personalidade que deben estar presentes no perfil ideal dos aspirantes ó ingreso neste corpo, e que se traducen en:

3. Nivel intelectual: refírese á capacidade para a toma de decisións, capacidade de aprendizaxe, atención e concentración na tarefa.

4. Nivel de personalidade: refírese a factores como a estabilidade emocional, orde e minuciosidade, responsabilidade, capacidade de traballo en equipo, sociabilidade e capacidade de adaptación ó grupo, capacidade de concentración e capacidade para afrontar situacións novas que impliquen risco

## ANEXO VI - CADRO DE APTITUDE MÉDICA

### A.-EXCLUSIÓNS DEFINITIVAS DE CARÁCTER XERAL.

Defectos físicos conxénitos ou adquiridos, de calquera tipo e localización, que menoscaben ou dificulten a función pública e as realizacións específicas do posto a que opta, aínda que sexa parcialmente.

Enfermidades agudas ou crónicas de calquera aparello ou sistema con posible repercusión sobre as realizacións específicas do posto a que opta, aínda que sexa parcialmente.

O aspirante ha de estar exento de toda enfermidade orgánica, de toda secuela de accidente e de calquera deficiencia física ou psíquica que poida constituír unha dificultade na práctica profesional e serán motivo de exclusión definitiva as patoloxías enumeradas a continuación por órganos, sistemas e aparellos:

#### 1.- OFTALMOLOXÍA. Será motivo de exclusión:

- A agudeza visual afastada medida SEN corrección debe ser superior ou igual a 0.5 no ollo mellor e a 0.3 no ollo peor (agudeza visual medida mediante o test de Snellen).
- A visión monocular implica non aptitude. Así mesmo, campos visuais con reducións significativas nalgún meridiano ou escotomas absolutos/relativos na sensibilidade retiniana.
- Diplopía, retinopatías, hemeralopía ou hemianopsia. As forias permiten a aptitude se son pequenas e o aspirante presenta unha capacidade de fusión suficiente.
- A alteración na percepción normal das cores, entendida como a capacidade de pasar as táboas de Ishihara.
- Padecer alteracións significativas na capacidade de recuperación ao deslumbramento ou na visión mesópica (baixa iluminación).
- Presentar alteracións palpebrais que impidan a adecuada protección do ollo.
- Presentar Distrofias corneais significativas.
- Padecer Glaucomas, Queratitis crónica ou Dacriocistitis crónica.

#### 2.- OTORRINOLARINGOLOXÍA. Non se admitirán:

- Uso de audífono.
- Perdas de agudeza auditiva bilateral superiores a 30 decibeis en ningunha das frecuencias estudadas.
- Vertixe permanente de calquera etioloxía.
- Dificultades importantes da fonación.
- Perforación timpánica.
- Tartamudez acusada.
- Obstrución crónica das fosas nasais.

3.- APARELLO LOCOMOTOR. Consideraranse excluíntes, alteracións anatómicas e/ou funcionais que supoñan afectación dos rangos de mobilidade normal das articulacións:

#### A) EXTREMIDADES SUPERIORES:

- Ombreiro (anteversión, retroversión, abducción, adución, flexión e extensión)
- Cóbado (flexión, extensión e prono-supinación)
- Pulso (flexión e extensión)
- Man e dedos;
  - Falta dunha man ou de parte da mesma.
  - Falta ou perda de calquera falanxe de calquera dedo que ocasionen perda da función de pinza ou afecten o puño e forza, ou impidan a utilización correcta de luvas.

(Dinamometría non inferior a 30 kgs. en calquera das mans)

#### B) EXTREMIDADES INFERIORES:

- Cadrís (flexión e extensión.)
- Xeonllo (extensión completa e flexión.). A extensión debe ser completa.
- Nocello (flexión e extensión.)

- Pé (Pé Zambo. Pé Plano Espástico.)
- Dedos;
- Limitación de movementos que dificulte andar, correr ou saltar.
- Falta ou perda do primeiro dedo de calquera pé.
- Limitación completa da flexión dorsal do primeiro dedo.
- Dedos en garra ou calquera patoloxía que impida levar as botas de traballo.

C) COLUMNA VERTEBRAL:

- Escoliose, con sintomatoloxía.
- Costela accesoria que produza “Roubo de Subclavia”.
- Hernia discal con sintomatoloxía.

D) OUTROS PROCESOS QUE TERÁN CARÁCTER EXCLUÍNTE:

- Fracturas que deixen secuelas e dificulten a función.
- Osteoporose.
- Condromalacia grao II ou superior.
- Artrite que provoque limitación funcional.
- Luxación recidivante.
- Parálise muscular. Miotonías.
- Outras enfermidades que limiten a mobilidade dificultando as funcións de Bombeiro.
- Non se admitirán prótese nin de cadeira, nin de xeonllo, nin de ombreiro, nin de cóbado.

4.- APARELLO DIXESTIVO. Serán excluínates as seguintes situacións clínicas:

- Estadios cirróticos ou precirróticos (grao histolóxico III e IV).
- Hepatopatías crónicas:
- Virus C + con RNA +. (Serán admitidos virus C+ sempre que o RNA sexa - e non haxa cirrose).
- Virus B+.
- Enfermidade de Wilson non compensada.
- Hepatopatías alcohólicas.
- Hepatopatías agudas con repercusión encimática importante.
- Hipertransaminasemias idiopáticas de etioloxía hepática con niveis que cuadripliquen o límite superior da normalidade.
- Ser sometidos a transplantes hepáticos.
- Pancreatitis crónica.
- Síndromes diarreicos crónicos.
- Eventracións non intervidas.
- Pacientes sometidos a cirurxías resectivas abdominais importantes.
- Úlcera sangante recidivante.
- Portador de ostomia.
- Calquera patoloxía do aparello dixestivo con ou sen intervención cirúrxica que presente secuelas funcionais con repercusión orgánica.

5.- APARELLO CARDIOVASCULAR. Será excluínate padecer ou padecer algún dos seguintes procesos:

- Marcapasos implantado permanente.
- Miocardiopatía dilatada idiopática.
- Miocardiopatía hipertrófica obstrutiva.
- Miocardiopatía hipertrófica non obstrutiva.

- Valvulopatías.
- Infarto de Miocardio.
- Coronariopatías.
- Pericarditis crónicas.
- Taquicardias Ventriculares.
- Síndrome de Brugada.
- Taquicardias Auriculares.
- Flutter auricular.
- Fibrilación auricular.
- Enfermidade do nodo sinusal..
- Bloqueos AV completos.
- Bloqueos AV 1º e Mobitz I sintomáticos.
- Bloqueos AV grao Mobitz II.
- Síndrome Wolf-Parkinson-White.
- HTA severa con repercusión clínica.
- HTA moderada mal tolerada.
- Sincopes vasovagales.
- Aneurismas cardíacos ou de grandes vasos.
- Insuficiencia venosa periférica que produza signos de estasis ou alteracións tróficas varicosas importantes.
- Insuficiencia arterial periférica.
- Secuelas post-tromboembólicas
- Alteracións circulatorias en mans/pés que sexan sintomáticos ou dificulten a funcionalidade dos mesmos.

6.- APARELLO RESPIRATORIO. Serán causas de exclusión:

• Diminución de FVC, FEV 1 e FEV1/FVC por baixo do 80% do estimado normal para as súas características físicas e sexo.

- Asma bronquial.
- Calquera tipo de Enfermidade Pulmonar Obstrutiva Crónica
- Pneumotórax espontáneo recidivante.
- Atelectasia.
- Enfisema.
- Tuberculose activa.
- Síndrome de Apnea Obstrutiva do Sono, os trastornos relacionados con este, nin outras causas de excesiva somnolencia diúrna.
- Outros procesos respiratorios que incidan negativamente nas actividades físicas a realizar así como nas tarefas específicas do posto de traballo.

7.- SISTEMA NERVIOSO CENTRAL. Será excluínte padecer ou padecer:

- Párkinson, Corea ou Balismo.
- Epilepsia.
- Esclerose Múltiple.
- Ataxia.
- Calquera grao de hiposmia.
- Vertixe de orixe central.
- Accidentes cerebrovasculares.

- Enfermidade neuromuscular con limitacións funcionais.

8.- PEL E FANERAS. Non se admitiran:

- Enfermidades dermatolóxicas que impidan a utilización de luvas ou susceptibles de empeorar polo uso das mesmas.
- Enfermidades dermatolóxicas que produzan limitación funcional.
- Cicatrices que produzan limitación funcional.

9.- PROCESOS ENDOCRINOLÓXICOS. Será excluín-te padecer algún dos seguintes procesos:

- Diabetes tipo I ou II.
- Enfermidade de Cushing.
- Enfermidade de Addison.
- Síndrome metabólico.
- Obesidade mórbida constatada con IMC de 40,0 ou maior, ou ben, IMC de 35,0 ou maior na presenza de polo menos unha ou outra morbilidade significativa como diabetes ou hipertensión arterial.
- Perímetro de cintura superior a 102 cms.

10.- APARELLO URINARIO. Serán motivo de exclusión:

- Insuficiencia renal crónica.
- Transplantes renais.
- Falta dun ril.
- Enfermidades renais crónicas evolutivas.
- Análise de ouriños: Albuminuria e/ou cilindruria importantes.

11.- OUTROS PROCESOS PATOLÓXICOS EXCLUÍN-TES.

- Hemopatías crónicas graves.
- Transplante de medula ósea.
- Probas analíticas compatibles con patoloxía de base con grave repercusión orgánica.
- Neoplasias malignas con repercusión funcional.
- Hernias inguinais e/ou abdominais.
- Calquera enfermidade infecciosa crónica e rebelde ao tratamento.
- Procesos que requiran tratamento anticoagulante.
- Alcohollismo e/ou calquera outra drogodependencia.
- Patoloxías psiquiátricas.

12.- CALQUERA OUTRO PROCESO PATOLÓXICO QUE DIFICULTE OU IMPIDA O DESENVOLVEMENTO DAS FUNCIÓNS DE BOMBEIRO. B.-EXCLUSIÓNS CIRCUNSTANCIAIS.

Enfermidade ou lesións agudas de solución médica ou cirúrxica, activas no momento do recoñecemento, que potencialmente poidan producir secuelas capaces de dificultar, limitar ou impedir o desenvolvemento das funcións esixidas para o posto solicitado.

En tales casos, o Tribunal Cualificador das probas selectivas, coas asesorías necesarias, poderá fixar un novo prazo para comprobación do estado do aspirante, anterior ao comezo do curso selectivo, ao final do cal a asesoría médica certificará se persiste a situación, se quedaron secuelas ou desapareceron os motivos de exclusión circunstancial.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2026

Concelleiro-delegado de Economía e Facenda, Persoal,

Contratación e Modernización da Administración Local

(PD. Dto. da Alcaldía 17/06/2023)

Asdo.: Manuel César Vila.